

27/09/2022



Bernardino Graña

**NOVENTA POEMAS POLOS
NOVENTA ANOS**

EDICIÓN AGASALLO DE ALEXANDRE RIPOLL ANTA

© Retrato do autor: Montse Nogueira, cortesía de Acuarela creación.

LIMIAR:

Chegaches aos noventa anos, máis de setenta dedicados á creación literaria. Nesta ocasión o meu agasallo é unha escolma de noventa poemas escollidos dos nove libros estritamente poéticos que publicaches (excluíndo as narracións en verso de carácter infantil e as versións de poemas medievais): *Poema do home que quixo vivir* (1958), *Profecía do mar* (1966), *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso mar e os peixes Sar arriba andasen* (1980), *Sima-cima do voar do tolo* (1984), *Himno verde* (1992), *Luz de novembro* (1997), *Sen sombra e sen amor* (2004) e *Acendede as almenaras* (2008). Na selección dos textos seguí a edición de *Ardentía: obra poética completa*, Espiral maior, A Coruña (1995) para os seis primeiros e as correspondentes edicións de Espiral maior, Galaxia e Xerais para os tres últimos, limitando a miña intervención a algún aspecto gráfico.

Quero facer unha homenaxe a unha traxectoria na poética que nace cos versos existenciais dun home que, saíndo da “Teбра”, quixo vivir na luz, na vitalidade e na materia infinita do mar. Aquel que seguindo a tradición, presente xa na nosa literatura medieval, uniu con maxistral sabedoría e arte o Mar e o Amor (ou a Mar e Amar se preferimos este calembur).


Alén de mares e de amores, a túa obra é un canto á Liberdade e denuncia da opresión en toda circunstancia: denuncia do imperialismo dos estados, do imperio das circunstancias, das normas e regulamentos, en particular da oprobiosa ditadura de Franco, cuxa morte e enterramento cantaches un amencer de novembro de 1975. Tamén denuncias aos que a ninguén aman, aos que nos manchan e contaminan, os barullos e a velocidade.

Cantas á terra, ás que a traballan como a avoa, á quen ara, sementa e recolle no mar como o tío Emilio, ao diálogo na taberna como a dos padriños, e cantas a todos os amores porque tanto e con tanta intensidade amaches.

Cantas tamén a poetas, galos cantores, e a músicos e pintores, aos que aínda vivían e aos que xa nos deixaran coa túa habelencia, xa fora en verso libre ou en soneto clásico, en formas cultas ou populares.

Nove décadas viviches, creaches máis de corenta libros e participaches noutros tantos.

Parabéns, Bernardino, polo teu aniversario!!!



poema do home
que quixo vivir


bernardino grada

BERNARDINO GRAÑA

poema do home
que quixo vivir

limiar de X. L. Méndez Ferrín

Portada y contraportada de Alfonso Gallego



BRAIS PINTO
MADRID
1958

O vento dixome cousas
Que non atopo nos libros.

Resoaba a súa voz no mundo
igual que un soño perdido.

E o mar buscaba unha aperta,
Buscaba un peito ou un niño,
E non atopaba nada
Senón penedos espidos.

Recordo que era Nadal
E eu bebía moito viño.

Estabamos todos xuntos,
Os anxos meus, os amigos...

O vento e o mar berraban
Coma cans adocidos.

E nós calados, fumando,
Bebendo, mirando fixos,
Por se chegaba algun día
Un forasteiro ou escrito
Que nos dixese que existe
Máis alá de todo un brillo,
Un sol que non ten solpores,
Nin vacas tristes, nin grilos.

Estabamos todos xuntos,
No meu silencio metidos,
Querendo que nos chegara
Algo estraño, de outro signo
Que nos sacara cal gando
E nos mostrara o camiño
Para pacer herba nova
E choutar noutros eixidos.

Así o inverno enteiro,
Facendo cinsa a montóns,
Queimando a nosa esperanza
Coma un doado carbon.

Ata que un día sentín
Que todo dicía adeus,
Que non había esperanza,
Mais só a desilusión.
Pasara xa tanto tempo...

O agro xa estaba en flor.
E nada mudara en nada.
Pois cada mañán chegaba
O mesmo aburrido sol.

Recordo que era por Marzo
E eu bebía moito alcol.

Comigo escomeza o mundo
A ser mundo, nunha dor.

Antes de min era a Nada
Coma oquedade sen voz.
Agora fungan os ventos,
Bailan as arbores,
Rosman os mares.
E todo resoa en min,
Vén e pasa en procesión.

Fóra e dentro de min crecen
E deixan tan só un ulido
As cousas, coma unha flor.

Comigo comeza todo,
E tamén morre, con dor.

Estou a estudiare, amigos,
A forma de sere un home.
Estou a estudiare sempre
Libros, xente, bosques, montes.

Eu son un burro completo,
Confeso que non sei nada.
Estou pasmado ante todo.
Síntome estraño e moi lonxe.

Eu vou preguntando tolo
Coma un rapaz pequeniño:
"¿Por que non podo voare?,
¿Por que mañá non é hoxe?"

Xamais poderei ser home
Porque xamais deixarei
De preguntar e chorar
E andar peregrino e pobre.

E aquilo que mais me fire
É o tempo que me carcome.

O tempo coma os avoitres
Peteira que te peteira,
Levándome a pouco e pouco
O cerne, o sangue, os meus foles.

¿Cómo hei de poder vivire
Perdendo vida a cada intre,
Reconstruíndome sempre
No medio de pecha noite?

Estou a estudiare, amigos,
A forma de sere un home.


O vento vains levando,
O vento que sempre bufa,
Que di palabras estrañas,
Que enfeitiza coma bruxa.

O vento aliado do mar,
O mar que espera coas furnas,
Coa boca aberta, fatídico,
Moloch terrible de gula.


Mais -vento, mar- todos chamamos
E ouveamos baixo a lúa,
E a lúa só é candil
A nos poñer máis penumbras.

Mais -vento, mar-, coma tolos,
Todos brincamos na furia
E todos nos esvaímos
Rompéndonos en espuma.


Escuma, fugaz treboada,
Trono feito mansa chuvia...
A fin de contas se morre,
E cáese na negrura.



Bernardino Graña



Profecía
do Mar



salnés

BERNARDINO GRANA

PROFECIA
DO MAR

EDICIÓN DE VUELLO

VIGO
1968

MATERIA

I

Quen matou e bateu como unha furia
e fuxiu polo mundo está no mundo.
Seu recordo anda fóra sobre polvo.
Sobre polvo sonámbulo ou xa pedra.

Quen feriu e berrou, e, non durmindo,
doadamente no aire anda sen tino.
Mais xa foi nun minuto ou nun segundo
como estrela de lustre ben tinguida.

Esa mesma centella ou luz de vida,
asasino poder, potente pulo,
iso quero no aire ou no máis duro.
Quero forxa ou cinabrio ou terra en vilo.

Quen rachou, entrubou, remexeu átomos,
quen pasou pola noite desvariado,
ese vai polas veas, vai no tempo,
vive, alenta ou buliga en teimosía.

Que, teimoso, nos muros das cidades
e por fóra dos libros xorde o musgo,
e a roseira que deu soio tres rosas
ben teimosa se ergueu en cen espiñas.

Espiñas, uñas, dentes mans que buscan.
E eu non son o culpábel por dicilo.

Contra os días, a néboa, o medo, o escuro,
tento o mar e procuro a plenitude.

PARA A MORTE DE MARK TOBEY NAMENTRES BAÑO OS PÉS NO MAR

Penso agora (cos pés na auga) en Mark Tobey,
En Mark Tobey pintor, tamén poeta,
Que pintaba New-Yorkes e milleiros
De obreiros e fotógrafos e ollos
E ollos e máis ollos
E puntiños
E as raias do seu paso e os foguetes
E a tolemia insistente polas rúas.

II

¡Ah, tremede e pregade ladaíñas,
e vixiade a materia acogotada,
os que tedes un corpo e non brincades,
os da lata da vida sen abrila!

Ide á sombra ou á cama con coidado.
Velaran policías e soldados.
Mais fuxide, homes bos, fuxide areas,
se se esperta esa lava que non dorme.

Se se esperta e se ergue e imponse e vence
esa lava, esa saiba, ou celme, ou sangue,
¿que faremos os doces currilarios?
¿que farán as formigas formiguiñas?
¿Cerimonias, ensalmos, rogativas...?
Levantade os altares. Traede cregos.
Baixo nós funga o fogo, a forza, o inferno.
¡Oh, tremede e pregade ladaíñas!

¿Cantos, fóra da lei ou estruturas,
soltos andan sen deus e sen rexistros?
(¡Ah, rezade e tremede!) ¿Cantas selvas?
¿Canto mar (¡ah, tremede!) vive puro?

Atención á materia, inmensa teima.
Supoñede que estrala no aire a vida,
e nas augas tamén, e baixo a terra,
sobre todo no mar, chama tan fría.

Penso, cismo e atoutiño na pel de auga
Unha nuclear mensaxe para alá das formas...
E Mark Tobey morreu,
Ou non morreu de todo e ha morrer e esquecerse e xa dá xenio
E eu pinto sobre a auga cos meus pés un signo,
Un garabato estraño, misterioso,
Eu mesmo
Ignoro se é por fin a representación total do mundo.

Quero pintar o mundo,
E mato un moscardón de tanta rabia e pulo,
E un cabalo tamén se é que fai falta mato.
E quixera, vos digo, que xa o mundo
Quedara redondiño e ben pintado,
Para sempre, aí, pintado, como un oito.

Pero, ¡ai!, agora vede,
Vede o fruto,
Vede o frío por sempre polas gándaras,
Polos mares enormes, os desertos.
Vede vir gaveantes e a petar nas portas outras mortes,
A cobrar puntualmente coma os bancos.
E vergonza é pensar, pensar sequera,
A miseria que cae sobre dos lombos.

Penso, cismo,
E penétrame a preguiza,
Unha asepsia infábel nas cidades,
E incluso aquí, tan ben como se está sentado,
Bañando os pés
Nas ondas.

Limpo os pés, fixo os ollos, penso e digo:
Para que teño nos pés estas dez dedas,
Para que tanto limpar se nos pés nunca,
Nunca medran nin flores nin acougo,
Se me vou enlamando, anque tan fino,
E tamén son Mark Tobey
E se morro...

ODA ÁS FORZAS DE PATIÑO E JACKSON POLLOCK

I

Atrévete nos mares
de babexiña ou golpe
con aguación e coso
pra dar aínda na pedra e dar coas formas
tenciona aínda escuro entre os tronos
tempestade dos tempos
(¿Que ten que caian follas?
Ti pintarás máis dentes)

Mira
bucía
palpa
no mar os carromeiros mestos
no mar
na terra
no ámbar de sangue
dentro
descontrolando estatísticas e reixas
xurde
zurricha
vente
ollo de iodo
isco
batume
esencia
unque doan as tripas
envísgate nos océanos
neste gran mar que miro
(¡ah qué gran mar amigo!)
sé máis feliz que os congresos máis lóxicos e serios
sé laño que está a cebarse en marés e invernos
xordamente
agarda a dar un bo golpe
ti que vives ti que andas ti que sabes do vento.

II

Como o sol ou o mar non hai nada
como as formas xurdindo ou preguntas
non hai nada máis grande que o tigre
ou O peixe que no átomo xa agroma
e por iso defendo
unha lingua de carne e de lama
unha lingua de lama que aprenda
que non todo é falar e hai materia
e hai que andar e marchar de contado
e fender no universo ou na nada
en máis frescos e inéditos celmes
polo que é necesario aguantarnos
contra todo ese medo de estrelas
ANQUE DOAN AS TRIPAS
contra todo o futuro horizonte
e a distancia terríbel das presencias.

E haberá máis diluvios e loitas
e a noite arredando aos que son febles
pra que poida saberse se é preciso
sementar con máis paixón homes nas femias
co semáforo en ritmo do pulso
debalando no espacio
por sempre.

III

E Jackson Pollock vive e Jackson Pollock tenta
porque nas mans buligan células e bacterias
e fillos de pais naceron e remaneceron e repetíronse todos
os movementos
E HABERÁ MÁIS DILUVIOS E DESASTRES
e cambiarán os semblantes das nubes de osíxeno das galaxias
e novos guelmos e lígamos darán
outros máis novos víveres e cadáveres tenros
comeremos falaremos cubriremos o chan de papeis de poderes
cruzaremos contigo e Jackson Pollock e Mark Tobey e os amigos
moitedumes de xente e cidades
e puntos e liñas
kilombos e mares
guerras e baleiro

MAR

I

Empeza a grande viaxe a morte o imperio
do mar sobre de min tal como espero
vou aguaneira morna polo verde
remuíño noutros caldos o pelexo
non coñezo este mundo que me palpa
estas algas vermellas o galdrume
o visgo en que me afundo o iodo os sales
estes peixes rarísimos as cunchas
o polbo monstruoso no sorrío
estes rampantes seres sen o fogo
nada respiro son millento en ollos
e escacho e fendo tolo por ver certo
outra ilusión de paraíso ou terra
chega ao pulmón a espuma estou debaixo
dos barcos e do aire e vivo e teimo
quero tentar as augas ando lonxe
e o pobre corpo aguanta e mais non pode
ser submarina cousa ou morto que olla
é preciso saír e ser un home
e respirar común no azul osíxeno
e respirar cal todos o de sempre
e mais eu amo as augas esa enorme
chamada do elemento onde tropezo
onde xa non é nidia e computante
en suma e resta a mente dos humanos
e mais eu amo as augas e é difícil
ser auga e darse en auga amo a materia
o contacto purísimo e concreto
e inda o atope fatal que me fai sangue
cando me morro un pouco suave e lento.

II

Vexo a morea a triste serpe escura
pezoña que avespiña o doce sangue
seu ollo descontrola as nosas células
vexo o arneirón durísimo a cercella
o rodaballo o muxo ventre en prata
e as aguacións que se erguen medoñentas
e as vagadas de lombo cos navíos
onde tal vez se perdan centos de homes
confabúlanse as brétemas os ventos
revíranse espantosos en oubeos
cae o cachón e fura pola pedra
que queren tantas guelras e pseudópodos
no tebregoso mar voraz océano
velaí contra a razón cen mil goldrías

veñen en contra a terra tercos golpes
chega a saraiba a todo rilla os muros
come cal e petróleo raña ferro
de que condena ou ansia de tormentos
"que triste peito manda tanta morte
tanto escumallo e líquidos poderes
e máis de mil millóns de toneladas
de cargas e insistencias en balbordo
aterrecendo esparaveando aos sabios
matinando escachar os continentes
tanta man tanta baba e noxo frío
descomunal balea plancton vivo
que buscan por que matan
matan petoñamente como os coches
en chafallada en caos en centellas
lidar de ferventía e desacougo.

III

E mais tamén son vida e mais eu ámoas
son esta vida as augas do proteico
mar onde o mar se atopa e calma ás veces
e é pasmo de silencio e gran longura
anchura cartas mapas de extravío
pra Norte Sur Oeste Leste en toda
a pel deste gran mar aberta aos ceos
a engulir noite e día sempre en marcha
masa manteiga torpe que se ceba
namentres van os meus irmáns mariños
de Cangas Ons Fisterra van sotornos
con medo pra roubarlle o peixe mártir
o pan de amargue sombra nas casoupas
dos portos e ledicia nas cidades
cidades ao seu pé prazas de xentes
a se mirar das torres na ardentía
de luces que se quere el as bafa
monstro aceitoso mar lama e cristais
frieira lingua horríbel gran tentáculo
visgoso sangue mesto en enxurrada
coral actinia himantalia abismo
congostra sen baleiros plan montaña
e enriba araos albatros ou gaivotas
agardando un peixiño que alimente
fame e paixón por séculos de séculos
fame no Sur no Norte no Oeste e Leste
en Cangas Ons Fisterra Vigo A Cruña
fame nas maruxías nos invernos
se ti oh mar vizoso e millonario
de pronto ruallas agre coma un porco.

O GATO DA TASCA MARINEIRA

Aquí non hai silencio porque hai homes
falan os homes falan
aquí non pasa o vento esa fantasma
os homes falan falan
e fórmase outro vento outro rebumbio
unha fantasma feita deste fume
este fumar sen tino estas palabras
e pasa un suave gato que é da casa.

Beben viño coñac
berran discuten contan chistes mascan
un pouco de xamón tal vez chourizo
o gato ulisca cheira mira agarda
vai á cociña vense ao mostrador quixera
un anaquiño de boa carne un chisco
de tenrura algún queixo unha migalla.

Aquí non hai vagadas nin roncallos
non se ven os cabezos nin as praias
o taberneiro bole saúda cobra serve fala
cambea mil pesetas chama á muller á berros
e contesta ao teléfono ás chamadas
e os homes berran moito cheos de ira
e rin e danse a man e nada pasa.

O gato calandiño ergue as orellas
tan maino tan suavísimo sen gana
cruza por entre as pernas entre as botas
altas botas de caucho contra as augas co seu rabo
arriquichado e duro e tan en calma
e aquí non hai silencio que hai vinte homes
e están ben lonxe os mares que arrebatan.

Se acaso o gato mira os ollos do home
guicha en suspenso escoita en paz agacha
unha orelliña aguda e indiferente
lambe teimudo e calmo unha das patas
e se acaso durmiña e abre un ollo
e ve que os homes beben fuman discuten moito non se cansan
de ensaladilla callos mexilóns anchoas
e viño e viño e viño tinto e branco en tantas tazas
e esgarran cospen entran saen empuxan brindan cantan
e a radio está acendida e óese música
e o gato pasa indemne comprendendo ten costume son os homes
non sé espanta.

ODA AOS MARIÑEIRO DE CANGAS

Polo escuro mar que vos contruba
aínda hai peixes de luz nos seus abrigos,
mariñeiros de Cangas, meus amigos,
meus irmáns e salitre e sol e chuva.

Solte a ría un exército de naves,
mariñeiros de Cangas, traede as liñas,
que, anunciando o fumazo das sardiñas,
polos cons e cabezos cantan aves.

Polas ondas sen muros e sen diques,
polo lombo do Atlántico azulado
brinca e bufa o arroz todo apurado
perseguindo os bonitos e os alcriques.

Mais alá de Sobrido ti me gués,
mariñeiro de Cangas, ti me leves
pra ver os escumallos e os percebes
e mirar dende a popa as Illas Cíes.

Máis alá do Cabalo e Cabo Home,
da Negra e deses baixos de Biduído,
mariñeiro de Cangas, vas perdido
e o mar é un gran misterio que te come.

Como horríbeis fantasmas aparecen
dende o fondo, xurdindo, nos sorríos,
estrañas ardentías e navíos
e tristes afogados que amolecen.

Pero rompe, que podes, contra o medo,
dálle avante con forza, anque che doa,
contra noites e néboas pon a proa,
mariñeiro de Cangas, e vén cedo.

Vén loguiño a vender o peixe a Vigo
e trae unha canción do son dos mares
pra beber e cantar xuntos nos bares,
mariñeiro de Cangas, meu amigo.

SEMPRE MAR

Un mar sen terra vive en viva alfombra
para correr, voar sen pé nin leme,
pois mar ceibe e fantástico se teme
e desatarse pode en golpe ou sombra.

Un mar cheo de mar vén contra as moas
da boca da paixón que rilla e sulca,
e unha extensión medoña faise esculca
do infindo e dos espacios ante as proas.

Están listas as naves. Ti, inimigo,
tan largo mar, contemplas e arrodeas,
e eres lingua que bate e chega ás veas,
e eres sala de calma e de perigo.

Azul, verde, ferrento, igual, distinto.
Un soturno caimán, un gato rexo
con escamas e poutas en axexo.
Un salgado e ben mesto viño tinto.

Unha chaira sen muros nin cancelas.
Un ollo aberto pra engulir profundo
as formigas, os homes, todo o mundo,
incluíndo os luares e as estrelas.

Un mar pra andar perdido e achar o tino
como noite continua ou pesadelo
onde o corpo ten de ir espido, inxelo.
Principio e fin das cousas, mar divino.

NINGUÉN PODE

Ninguén pode contigo, mar proteico,
porque o teu sangue é forte e me penetra,
porque eres mar de mares e o teu cheiro
chega ata o escuro da máis pura terra.

Eu quero soio ser o corno ou cuncha
que poida dar un son que te remeda,
por resoar, meu mar, dende esta beira
e soñar que me faltas como esencia.

Eu son astro pequeno, suspendido
do vacío, na sombra, noutra esfera.
Pero ti bates duro, ti abrangues,
ti ocupas, cundes, entras polas grechas.

Enche máis. Ven azul xa sen remedio.
Ven contra nós e acaba, boca aberta.
Engule, brinca en alga, en peixe, espuma.
Semea nun fulgor a túa materia.

¿Quen non leva no ser xiria de sales?
¿Quen non te sabe febre deica as veas,
ou reclama unha aperta de horizontes,
ou garda en si gaivotas de impaciencia?

Ninguén pode contigo, mar incríbel,
realidade final, esfínxe, guerra,
sitiador inefábel das cidades,
sepultureiro en sono e branca area.

LÁZARO MARIÑEIRO

Resiste máis despois de tanto embate,
despois de tanta chuva e vento largo,
despois de tanta auga, ¡arriba, Lázaro!,
levántate outra vez e guía o barco.

Seguir co barco é xusto "pra ir tirando".
Seguir, seguir, seguir, anque te esfoles.
Levar ao lombo os días por se acaso
non ha de haber despois máis que a gran noite.

É xusto ter a testa apodrecida,
os ollos cheos de fume e roxa teima,
con tal de que te arrastres como sexa
e escaches o horizonte contra a xerfa.

É xusto enfraquecer pero ter ansias,
estar sen mans e andar cos cotobelos,
sen pernas e tentar subir aos montes,
sen aire e respirar sequera Versos.

Non quedes co teu corpo así, contigo,
sen guerra xa, centrándote no escuro
dun soño que apodrece e vai fedendo
porque te fai un morto e come o mundo.

Paciencia, mariñeiro, e rabia e pulo,
senón perdido estás... Toma tabaco.
Fuma. Descansa. Aguanta. Colle forzas.
Levántate outra vez. ¡Ao mar o barco!

POEMA DE TÍO EMILIO, MARIÑEIRO DE CANGAS

O mar é teu, Tío Emilio.
Ti sabes do mar.
Eu non sei.

Véxote lonxe, vogando,
namentres peixes de aire
refrescan a túa pel.

E o mar vaise abrindo adrede,
e ti na pobre gamela,
ti soliño, vas e vés.

Mariñeiro da Congorsa,
de Balea, Cangas, Vigo,
sólo no mar poder ler.

Sólo do mar sabes cousas,
sólo do mar sacas vida,
sólo ese mar co traballo
te mantén.

Pero ben sabes o conto
que a vida e o mar che contan,
Tío Emilio,
o mar,
que é teu.

CANCIÓN PARA IR AO MAR DE PESCA

Pra que anden gordos todos os nenos
e polo Agosto haxa máis festa,
imos buscare xunto das illas
unha corvina
unha faneca,
un abadexo,
unha morea.

Pra que en Galicia cheiren as fábricas
de salazón e máis de conserva,
imos ao mar con harpón ou liña
a pescar rincha,
congrós e alcriques,
moita pescada,
unha balea.

Pra que as mulleres berren na praza
e haxa ruído polas tabernas,
traerei con nasa, con rede ou fisga
luras e polbos
muxos e nécoras,
meros e sargos,
sollas e vieiras.

Hei de pescare con xeito ou baca,
con bou ou cunha pobre gamela
unha centola,
xouba e sardiña,
un rodaballo,
unha doncella.

Imos ao axexo, imos ao escuro,
cando a ardentía ou a lúa chea,
e aseñaremos por estas rías
o lombrigante,
bonito duro,
moitos xurelos,
a palometa,
un ollo-mol
unha zapata,
un peixe-sapo,
un fura-areas,
a robaliza,
a maragota,
o pinto, a raia
e toda a pesca.

APOCALIPSE

Para Luís González Blasco, "Foz".

E xuntáronse os deuses e os xuíces,
confundíronse as momias e as estrelas,
formáronse galaxias e sentencias,
decretouse pra nós a morte negra.

Reviráronse os dedos e as guedellas,
arrepíáronse os ollos e os pelexos,
e xa todo quería esmorecerse,
docemente a morrer. Choraba a néboa.

De pronto todo foi o mar e un berro.
Calouse o mar inquedo. Remexeuse.
Non agardou. Encheu de sal e area.
E escachou, triscou naves. Foi fervencia.

Enguliu dotacións e viaxeiros,
varreu co seu roncallo toda a beira,
estalou polos aires, e as gaivotas
chiaron coma bruxas polas pedras.

Así pasou o mundo a ser borralla
no espacio, soio cousa fumacenta.
E aínda se sentiron xuramentos
dos que aínda non creron na materia.

Escoito. Escoito. Escoito. Sinto o doce
morrer deste planeta: novo ciclo.
Hai unha voz que chama polas augas
pra, ao fin, arrexuntalas sobre a terra.

FINAL

Para Antón Santamarina e Manuel Vidán.

Cae un gran sol en sangue, levántanse mans mortas,
barcos fantasmas miran e erguen nos aires mastros,
todo viaxou ao fondo e xa as marés non enchen,
e a baixamar acada ser baixamar pra sempre.

E agora vexo as veas da terra que se murcha
coma regueiros mínimos tamén no mar escoando.

Xa non hai dor sequera, soio un balbordo lene
e un gran fedor salobre e espectación e pasmo,
e algún tren retrasado vomita aínda persoas,
pero xa é moi tarde.

Estamos máis alá da lección dos mestres,
máis alá das industrias e os esforzos en masa,
da requintada máquina, a coidada estatística.
Vamos morrer, que os mares son soio un mar moi grande,
un mar redondo e xusto cebándose na lama.

Caen baixo unha noite as últimas cidades.
Nin altos eucaliptos, nin pontes nin montañas.

Inútil xa se queda, un berro ou unha brasa.
Recoñezo que é a hora do final e a friaxe.

Definitivo o mar,
vamos morrer, que é tarde.

Bernardino Graña

NON VEXO VIGO
NIN
CANGAS



Colección Val de Lemos

Núm. 12

Ediciós Xistral

Monforte de Lemos, 1975



*Vexo Vigo, vexo Cangas,
tamén vexo Redondela;
vexo a ponte de Sampaio,
camiño da miña terra.*

CANTIGA POPULAR

Si escribo eu a ti sinalo
a ti nomea isa palabra.
Inda que ti de min vas lonxe,
berro un Nós forte que nos chama.

ANTÓN TOVAR BOBILLO

CIDADÁN

E vós, xentes que ignoro,
que me ignoran, vedes
que estou aquí, que agardo,
que miro, saio, entro,
son un vento incerto
por entre os vosos corpos
a tentar nos muros.
Cada mañán ao choio,
ó meu traballo acudo.
Quixera estar con vós,
xentes de aquí ou Galicia,
irmáns, os que o sexades,
os deste ou doutro mundo.
E viaxo, veño, marchó,
"bos días, boas tardes, meus saúdos",
e estou tentando tanto,
en tanta porta —fóra—,
que sinto que estou xordo,
cego e mudo.

RESPETE OS SINAIS

¿Que importan tantas rutas e autovías,
que importan as fermosas autoestradas,
beiradas, rúas, pasos, pontes, vieiros...?
Cada un quixera a súa propia senda.
Pero hai moito sinal: Stop, Prohibido,
Non aparcas, Prosiga, Todo á dereita...
E ao fin, cando de noite caes no leito,
pregúntaste: "¿Que son? ¿Teño unha estrela?
¿Teño un camiño meu? ¿Guío os meus pasos?
¿Paseo, emigro, vou a onde eu queira?"

Tal vez cada mañán ensaias irte
soñando que ti fendes unha selva.
E os outros berran, chámante apavado,
obrigante a mirar os pés e as pedras,
a ir, cabeza baixa, após do gando
humano cal grisalla e triste ovella.

Cada mañán voarías máis que os merlos,
máis alto, máis gozando de aire e terra,
quixeras ir mirando, recreándote,
pero has de producir e de ter présa,
e has de mercar un coche, ir en ringleira,
e verte de formiga e sen protestas.

Has de mancarte sempre contra os muros
que están diante, ao lado, a cada beira,
sen compaixón de ti, deixar os folgos,
o sangue polo asfalto, na podremia
dese aire cidadán que te amolece
e infúndeches "exemplar", "civil" paciencia.

ÁRBORE

Seica na árbore
hai un fogo,
hai un bafo.
En silencio
está falando,
vento e pau,
contra da altura,
sempre abaixo.

¡Cantas cousas
-assembleas,
xuntas, ruídos,
coches, xentes,
vidas, ventos-
van pasando!

Tanta agarda,
tanto aguante,
e despois...
un machetazo.

Pero en tanto,
coma un gato
sempre ao axexo,
é un filósofo
calado.

Vai o río,
van os homes,
van as follas,
e, teimosa,
coas raíces
ben adentro,
a esperanza
verde e firme
está zugando.

Soa
entre odio,
coma un tolo
ergueito e rude,
coma un brazo,
coma un puño,
contra o alto.

SE MORRO

Deixádeme en Rodeira,
no areeiro de Cangas,
xunto ao mar.

A area é cemiterio,
e o mar, que non ten medo,
virá comigo sempre
por xogar.

Enriba andará a xente,
mulleres, nenos, mozas...
a enredar.

No inverno Os mariñeiros
do Forte ou de Balea,
de Moaña...,
virán nos seus boliches
a pescar.

Así, xunto ao escumallo,
serei area, cuncha,
fonte de iscos,
e os peixes medrarán.

Se morro, xa sabedes,
deixádesme en Rodeira,
no areeiro de Cangas,
xunto ao mar.

SON UN TREN

Eu son un tren, un tren que corre inqueda.

Ás veces paro e penso
e atópome suxado, todo negro,
mentres por cada porta dinme: "Escoite.
Vostede corra e compre,
merque e compre".

E hai que correr, espabilarse. É certo.
E producir..., e producir arreo.
"Vostede vaia, siga,
merque, compre".

E sigo coma un tren que vai sen gana
e cada vez máis anoxado e feo,
arriba, abaixo, arriba, entre milleiros
de obrigas, mandamentos, papeleos.
¿Quen programou estes carrís e horarios?
¿Quen manda "ADIANTE", "STOP", "A MODO", "A EITO"?
¿Por que hai tanto gardián, tanto teléfono,
tanto vixía a controlar se corro,
a ver se sigo manso ou paro e penso?

Eu son un tren, un tren que corre negro.

ODA ÁS VACAS

¡Oh, benzoadas, grandeiras, poderosas,
vacas serias de vilas e de aldeas,
vacas ben redondiñas e pintadas,
profundísimas augas de paciencia,
dade o leite preciso pra esta vida
e que o sol non enxoite as nosas veas!

¿Desde cando xurrades a ventura,
vacas mainas, fantásticas, maternas?
¿Desde cando escoades sangue branco,
ese leite ou gran río que nos rega,
ese zume de calma que combate
o baleiro e o ermo e a podremia?

¿De onde vides cos ollos tan abertos
e eses cornos cal fouces que non ceifan
arriquichados no aire, coma signos,
coma inútiles armas, chemineas
sen borralla, nin fogo, fume ou gloria?
¿Que agardades de nós, criaturas tenras?

¿De que estrelas ou órbitas baixastes,
pois sodes coma xentes estranxeiras
con saudade e tristura doutras veigas
a mirar melancólicas a terra?

Por que ides unha a unha ao sacrificio,
a ser pasto dos homes, doces bestas?
¿Que paraíso soñades, que gran premio
máis alá desa entrega hai en promesa?

Eu, sedento e parásito mamífero,
eu, mamante e carnívoro poeta,
hoxe pido medallas e coroas
pra enfeitar esas calmas, santas testas.

¡Oh, humildes, benzoadas, nunca en furia!
¡Oh, campesiñas hostias en entrega,
deusas mártires, sédenos propicias,
contempládenos cándidas, perdoade,
remoede en silencio un novo día,
máis leite para os homes sen clemencia!

MEDRE O MAR

*Aquí, en Tarragona, non hai mareas,
o mar non se apodera...*

Medre o mar e destrúa tanto muro
de indiferencia. Veñan novas curvas.
Abafemos as rectas frías, parvas,
tan iguais unhas a outras coma ovellas.

Suba o mar non trazado previamente
nun ilustre despacho de tecnócrata.
Veña logo a gran curva dunha ola
de repentino mar e solte un couce.
Morrán os parvos de fartura e empacho,
tanta dozura en coloríns, xaropes;
os corazóns covardes zumegando,
os opios, a preguiza, o visgo, o chicle,
felicidades fáciles envoltas
en plásticos de tenda, en falsas risas.
Veña esa curva dunha ola enorme,
veña un ferver de xerfa, porque é hora
de dar un tallamento nesta codia,
nesta area sen sal que nos encerra.
Veña un raio que fenda e remaneza,
un lostregar que adentre, un moquetazo
de luz celeste na oficina seria,
no coche que te leva e que te atonta.

ELEXÍA A FAUSTINO REI ROMERO, MORTO EN NADAL 1971, EN BOS AIRES

Faustino Rei Romero, meu amigo:
ti cantabas o merlo, o vagalume,
doas de vidro, sapos namorados,
os anxos, os burriños,
e a túa voz subiu clara en Galicia,
e un día foches lonxe, ata Arxentina,
e agora, xunto ao mar, por esta beira,
xa lín a triste nova: alá morreches,
e non sentimos ben teu borcallón en terra,
non fura, non penetra as néboas,
os fríos, os quilómetros de ausencias.
Malia o chin-chin constante
de tanto "Bo Nadal, "Felices Festas", "Sorte",
non se oe o corazón
baixo a coraza en ferro do diñeiro.
¿Como ha chegar así a túa dor se apenas
poden chegar os ecos
de tanto asasinado en todas partes,
se non sentimos nada e cunde a friaxe
e hai xente que a montóns morre ante as cámaras
mentres comemos quentes e brindamos,
e tanto berro e folgas e conflitos
non poden embazar os nosos vidros,
non manchan ledas festas de Nadal, non danan
cortinaxes, murallas, a preguiza morna
dos días xeitosiños co belén e os christmas,
palabras de bondade a data fixa, e, ¡bumba!,
dispároche outra vez despois da festa?

Amigo Rei Romero, irmán poeta, escura
fantasma xa nos vieiros da Compañía
de mortos e de vivos que se van e esquecense,
se tantos, coma ti, sinxelos, puros,
calaron, ou fuxiron, ou fixéronse
raposo, ou rato, ou moucho
nunha longa invernia acrequeñados,
¡que ben resoarán, sen traba, as bombas,
a propaganda, o estrondo cruel, as máquinas...!

VIETNAM 1972

Cando enfrontados ventos,
cando o ceremonial do caos e asembleas,
cando os grandes negocios, guerra en Asia,
palabras e palabras: París, baile,
cando caen as bombas pola selva
contra o paxaro azul que lembra o ceo,
contra da fe e da casa e da xustiza,
erguéndome pra alá destas murallas
—era cristiá, mil novecentos
setenta e dous, xa primavera,
pero primeiro en tendas, en "percales"—,
sinto o cachón do sangue coma un "geyser"
na indiferencia, nas noticias falsas,
namentres Nixon, Kissinger, Van Thieu
fan sorrintes sermóns, falan e falan,
e en París segue a farsa.

Eu resisto na selva de palabras,
de rañaceos, de fumes, de milleiros
de coches, ruídos, tráfico, papeis,
resisto as mil promesas, as noticias
monótonas, iguais, as esperanzas,
avances, retrocesos, tantalismo,
escenas de matanzas en Quang-Tri,
e, coma voz clamante no deserto,
síntome canso de Vietnam, dos nenos,
mulleres, vellos... mortos, mentres Nixon fala...

E se o sol e a lúa e tanta estrela,
Vietnam, A China, o Polo, o Universo
non son de USA ou Rusia ou dos marcianos,
atrevereime a estar inda en guerrilla
neste noxo de vida, entre as mentiras,
e xurarei que sinto dor e xiria
cando todos me afunden nunha noite,
cando millóns de astáticos
non nos contruban soño e dividendos
se están sen paz, sen pan e sen palabra.

ODA ÁS MULLERES DE GALICIA

Á miña nai

Roubaría unha luz ou unha vea
de sangue de poeta, un berro forte,
unha selva ou volcán e ata unha noite
pra poder acadar, muller da terra,
darche un nome no espacio contra o tempo.
Ata a noite rechea de luceiros
bebería nas augas de Galicia
pra acadar un regueiro de palabras
coma un río a resoar correndo aos mares.

Porque os mares levaron tantos fillos,
muller grande da terra, tantas ponlas,
bos anacos de ti pola corrente,
tanto pulo de sangue vivo e doce,
tanto roxo vivir, cara a un desterro,
emporiso os teus ollos van tristes
máis alá do horizonte, e ti xa es pedra,
perene estatua quente de tristura
amasada no amor e na beleza.

¿Por que estás contra o enorme mar, que espreitas,
que miras nas estelas dos navíos,
que fas aquí outra vez, nai Rosalía,
por que xordes das tumbas e da néboa?
Muller feita de vivos e de mortos,
tenrura da paciencia dos cruceiros,
irmá, esposa, nai coma un gran Miño,
constante no verdor, no maino curso,
cariño pola rocha, espello limpo
tendido pra un salobre e grande esquezo;
muller da miña terra e dos camiños
por onde se perderon tantos homes,
¿que fas soa e de pé na noite fría,
por que estás fronte ás ondas en silencio?
Torre feita da carne máis cheirosa,
mornura e arrecendo da cociña,
fogar, follas de millo, xergón lene,
cunca de caldo quente, mans ou viño
que encalma e arrequece.
Acógate e sorríe e fai un laño,
¿que poderás ti, endeble, contra o duro?,
¿que acadarán teus ollos contra o inxusto?,
contra tanto mar xordo ¿que é unha bágoa?
¡Oh, furna, grande nai acesa en todo,
polas noites presente, viva, atenta!,
¡oh, recuncho e veludo manseliño,
contacto en febra humana,
luz,
estrela!

NON

Non son budista,
nin consumista,
nin mandarín.
Pero se todos berran "si, si"
e "bee" de ovella-televisión,
entón eu digo:
"Señores, NON".

Non son moi crítico,
nin moi político.
Quixera só
ser un poeta,
cantar a terra,
o noso suor.

Mais se nos tocan,
chin-chin, chin-chin,
sempre unha tecla,
sempre un tambor,
pra que bailemos '
tan só nun son,
tiro a etiqueta
e digo: NON.

CASE ORACIÓN

Por todos estes cargos, se escoitaras,
Señor, se estás enriba,
aberto e polos ceos despregados,
tan só pido,
Señor,
unha pinguña
de anovada ledicia, de inocencia,
non que me deas fe pra crer nun Deus sen velo,
senón, fe nos que vexo, por exemplo
en Nixon, en Brexnief, nos mariscais, en Franco,
tantos grisallos guías deste gando.
Reclamo liberdade pra doerme
entre centos de libros e de exames,
entre tantos deberes e palabras,
entre o ir e vir ás clases no Instituto,
e como Xob pregunto:
"¿Son eu algún mar rixo,
unha balea, un monstro
pra terme entre outros homes
abafado?"

NON VEXO VIGO NIN CANGAS

(Canción de emigrado)

Non vexo Vigo nin Cangas,
nin Darbo e o piñeiral.
Vexo o mar de Tarragona,
que dorme e non cheira a mar.

Vexo grandes chemineas
con fume ata Reus e Valls,
e trens moi rápidos, campings,
hoteis para os alemáns,

e barrios novos con casas
pequenas pra casteláns
e pra centos de andaluces
e algún galego e murcián...

Eu teño un burgués despacho,
unha mesa pra estudar,
pra corrixir papeliños,
e pra escribir e rimar:
Non vexo Vigo nin Cangas,
cheira a borralla e recordo
puro vento, forte mar...

CARTA A TÍO EMILIO E AOS SEUS COMPAÑEIROS, OS MARIÑEIROS DE CANGAS

I

¡Ei, mariñeiro, tío Emilio!:
¿que fas aí, por Balea,
coa perna coxa, xa vello
na túa vella gamela?
Congorsa arriba e abaixo,
¿vas coas nasas e a patela?
¿Saes ao mar na tardiña,
cando a ría se aserena?
¿Que fas na forza do inverno
ti só entre vento e néboa,
nos cavorcos de ondas irtas,
entre o roncallo e as pedras,
renqueando coa perna coxa,
vello, na vella gamela?

¡Ei, mariñeiro, non cales!
¡Berra aos ventos a protesta
dos homes que desde nenos
a ese mar rixo se entregan
e que, na noite en silencio,
collen, pra todos, a pesca:
sardiñas tesas, corbelos,
sollas, congros ou fanecas...,
pra encher a tripa ao ricacho,
ó que te esquece ou despreza!

¡Ei, mariñeiro, non digas
que vas canso e que te deixas
adurmiñar polas ondas
que radian falsas novelas
ou coas mentiras preciosas,
televisivas e lelas!

Non te enganen, meu amigo.
¡Firme o teu brazo! ¡Protesta!

II

Agarda, non perdas pulo.
Ten firme na man o remo.
Quero ir ao mar, tío Emilio,
contigo de mariñeiro.
Vogaremos cara ás illas,
para fóra, ao mar aberto.
Encherémonos dos ouros
do sol e vento mareiro.
Poñerémonos lourados
cheirando a peixe e verdello.

Escoita o mar e aprende
con el e cos compañeiros.
E non aprendas mentiras
dos que teñen moito verbo
e che falan noutra lingua
de finchados e soberbios.


Non te amolezas nas músicas
coas que nos queren ter presos.

¡Ei, mariñeiros de Cangas!
¡Arriba, arriba! ¡Soerguervos!



bernardino graña
**se o noso amor
e os peixes...**





"Ja mais d'amor no'm gauzirai".

JAUFRÉ RUDEL

PRA sempre sen auga pozo nun deserto
sen a flor e o gozo de te amar serei.
Xa nunca en ningures nin lonxe nin perto
dozura dun corpo como o teu terei.

Foi o teu paso o raudo voo de ave
foi un andar de raíña que nos chega
a intronizar o sol na escura adega
verán que deixa a outono ermanza grave.

Non marches quentor meu. Mira que sabe
samente a lama infame a terra cega.
Florece polo sangue que me rega
e inspíralle outro ritmo ledo e suave.

Non quero mais inverno en grises mantos.
Sementa unha ilusión sobre estes Barros.
Trai ao meu día sol á noite estrela
e apañarei a luz en novos cantos.
Ti podes desterrar negror buzarros
limacos do lentor de Compostela.

E deixarásme agora no chan mudo
atoutiñando inorde nel o paso
a coñecer que vou fatal ao ocaso
de sombra que non quero e non eludo.

Cos toliños das rúas tan teimudo
mentres por ti e mil cousas ardo abraso
e vou berrando a quen non me fai caso
e no meu tacto tenro o mundo é rudo.

Mais no meu sangue hai cerne e duro cobre
e novos gomos xurdirán en Maio
contra o trebón de inverno que me legas.

Afeito estou aos ventos ao salobre
brincar do mar frieiro contra o raio
cara o fulgor erguendo as uñas cegas.

CONTRA o torpor e o mal teño mil dedos
amo abrir paso ardendo ao ardor da aurora
e son un gato a rabuñar cada hora
fóra da porta ansiando lares ledos.

E barco son que busca portos quedos
mentres o abrete tarda e non aflora
e treman mastro e leme a vela chora
e no bater do mar aboian medos.

Amo andar na Quintana e no Home Santo
E xunto ao Sar que morre e tanta historia
a Zzurricar o mel do novo día.

Aínda erguerei contra o silencio un canto
outro Santiago e Pórtico da Gloria.
Contra o solpor e o gris terei porfía.

RECORDA o mar amigo que a ti ven amada
o interminábel curvo rabo en celo sempre ás voltas
sempre a bater as ondas
contra as pernas das costas
desexando a praia.

*Na aguación dos teus ollos hai un plancton
que me alimenta os peixes da esperanza.*

Eu non preciso o negro dos petróleos
que anda a manchar sorríos portos abras.
Pra navegar máis ceibe que me dean
ese negror con lúas dos teus ollos.
Ese misterio fondo é quen me chama.

E se te toco coma un vento e se entro
a conquistar o articulado enteiro
da nova lei que en min es abrazada
se moumeas perdida conectada ás vagas
que veñen e te furan baixo o pubis, brincas
tamén co chocoleo de onda en onda en ansia.

Recorda as mans marullos que a ti tenden lombas
tremor de gran bandeira nas túas dunas coxas
no peito os teus outeiros e a túa furna acougo
do mar que irremediábel te procura amada.

*Na aguación dos teus ollos hai un vieiro
que entre estrelas me leva a outra galaxia.*

¿Cómo hei vivir mañá sen a luz túa?

Case morto vivín sen coñecerte
aló na chaira seca por absurdas rúas
onde ninguén me soubo dar mornura.

Foi soedade desconforme adentro
e a semente a caír en terra dura.

¿Cómo hei vivir mañá sen a luz túa?

Erguinme e vinte ao regresar á terra
como se fora todo aquilo un soño
pesado e ti xa foras sempre miña,

Foi outra vez materno en aloumiño
O bico teu na lingua.
E foi de novo corazón adentro
comprender a existencia e a dozura.

¿Cómo hei vivir mañá sen a luz túa?

Pero hoxe mesmo o día abriu en medo
entrou na fiestra un sol estraño inmenso
e deixáchesme o leito en mantas frías.

Está a volver agora corazón adentro
a soedade o podre a agonía
a me pinchar as cousas en millóns de pugas
cada minuto en séculos de agullas.

¿Cómo hei vivir mañá sen a luz túa?

*"Ouh doce o peso do teu corpo
no meu maxín deitado"*

ÁLVARO CUNQUEIRO

QUEDEI no bar en seco como un peixe
ó te marchares ti mar en debalo.

Foi o teu corpo o mar e todo o peixe
do que fun mariñeiro fracasado.

E foi tamén un Pórtico da Gloria
onde romeiro quixen ser un anxo.

Oh doce o templo aceso do teu corpo
pra quen sen fe nin luz viña a Santiago.
Cómo fuxiches destas mans ardentes
como precioso frío peixe rápido.

Xa Compostela afoga en gris de chuvia
e dende aquí ó teu Lugo éme naufraxio.
Voume do bar das risas e tertulias
que agora sabe alí o café mais agro.

Vou Bonaval arriba pola Anguria
ó meu silencio en Rúa do Home Santo.

Oh doce o sal e a prata do teu peixe
aínda a nadar no meu ensoño lago.

*"Si'm fatz coindes e degertz
si'm sui flacs e savais".*

RAIMBAUT D'AURENA

EN Padrón os alumnos do Instituto
imaxínanme alegre docto e pulcro
e axiña han de saber que o catedrático
este animal fonético-semántico
soubo sí prepararche á hora da cea
peixe e patacas con cebola e allo
mais sabendo de epítetos e léxicos
nunca soubo decirche en xustas verbas
como o tes no teu pelo engaiolado
e han saber que o recordo é a pizarra
onde escribe e repite e non ve claro
outra vez raña o pelo que lle queda
fuma bebe pon lume a un pau de sándalo
e atopa así algún cheiro feminino
mais non sabe atopar no dicionario
a palabra ou sintagma con que arela
reterte na súa casa todo o ano.

Pon o reló prás oito. Mañá cedo
vai a Padrón explica enche o encerado
de cousa vouga: Ovidio o Ars Amandi
Juan de la Cruz o Cántico.

O malo é ao volver cando ún xa sobe
os cinco pisos banzo a banzo e abre
a porta e non estás e a casa o mundo
son vougo enteiro sen amor nin cántico.

*"E se el vai ferido
irá morrer al mar"*
PERO MEOGO

*AMOR ti mais eu os dous
pro cal dos dous é mais firme.*

A vida vaise como auga
e eu como un río ao teu mar.
Un paso dado somente
sen amor
xa é como irmos
morredíos
ó final.

Ferido o meu sal do sangue
busca o teu mar.

Canta chuvia
aspro sequío
canta noite
hai que cruzar.

Fun a Lugo.
Todo o muro
pescudei.
Sentín frío
desde a Arzúa
até o Caurel.
Vou perdido
en longas rúas
como unha folla no chan.

Ferido o mascato ensoño
busca o teu mar.

Fun á Cruña.
Dei mil voltas
e berrei
Pola beira
en xerfa pura
ás gaivotas
espantei.
¿Non sentiches
no seu chíó
o meu chiar?

Fun a Ourense.
No seu viño
quixen tolo
reacougar
días
meses
o ano enteiro
sen o acougo
da túa man.

Fun a Vigo.
Ós meus paisanos
os amigos
apertei
e biquei
augas salseiras
en Liméns.

Ferido o meu barco anhelado.
busca o teu mar.

Onte un barco cheo de velas
o hoxe un resto de batea
na enxurrada da invernía a debalar.

Ferido busco o teu mar.

*Amor ti mais eu os dous
pro cal dos dous é mais firme.
Eu como o sol a buscarte
ti como a sombra a fuxirme.*

*"Si tanto de min te curas
fai para me gorentar.
¡Amor que chegas de lonxe
vaite para lonxe, vai!"*
EDUARDO BLANCO AMOR

*ALGÚN día por te ver
abrín as catro ventanas.*

Agora no meu recuncho
de Bonaval sen querer
Vexo o teu corpo de peixe
por entre os ares e a cama.

Fuxe. Non quero mirarte
no río do escoar das ansias.

Anda aos rolóns o teu pelo
entre coxíns e almofadas.
Teu pelo no ar dos meus días
revoltando nas tronadas.

Sei que revoltas nas nubes
que choves en min non marchas
que se abro os ollos te vexo
que se os pecho estás máis clara.

Fuxe lamprea gran peixe
da auga de ensoño que manca.

Vaite co son coa quentura
o acento da túa fala.

Por te non sentir nas portas
co vento que rolda a casa.

Que o vento me tumbe o teito
as paredes e as lembranzas.

Por te non ver máis lamprea
a nadar nas miñas augas.

*Agora por te non ver
todas as teño pechadas.*

*"Miña ventura
en loucura
me meteu de vos amar;
é loucura
que me dura
que non me poso en quitar".*
XOAN DE LOBEIRA

Miña ventura
en loucura
meteume deste insistir.
Máis que negror
alba ensina
cara a un fulgor
en divina
verde esperanza a vivir.

Meteume a miña ventura
en loucura
de te amar.
Por sorte
é forte
aínda dura.
Até a morte
ha de durar.

É forte esperanza en verde
que anda a xogar
como a lúa
entre o negror e o claro
mais non se me perde
é un faro
que continúa
a guiar.

Outros seguen
outras rúas
outra loucura peor
pois non perseguen
túas lúas
e o sol da súa vida enteira
é xenreira
non amor.

SOBRE UNHA NOITE —116 NOV 77— AO PÉ DO SAR
CO EMILIO CAO CONCERTADO A CAIR
FINA CHUVIA DE CÍTARA E DE ARPA

Subiras deica os anxos do gran pórtico
da catedral do campo das estrelas
fixérase coa cítara de pedra
pra logo te encarnares de harmonía
no tempo das histerias e chatarras
co lene mar cordame e crencha de ondas
mil fadas a descer gaivotas brancas
ó pé do río Sar escoando un río
de música, o teu canto, o noso acento
perdido nos barullos de millóns de máquinas.

E agora as nais aprenderán de novo
a abanar aos seus nenos cos romances
dos cegos que os camiños nos sinalan
e escoitaremos fontes chuvia, vento
a sempiterna voz da nosa terra
cos ollos semipechos de nostalxia.

Ai canta Emilio Cao amigo ai canta.

PRÓ PINTOR POETA ALFONSO GALLEGO

Amigo
non máis triste
ergue no azul por sempre polo espacio a saiva
de espuma branca e pura en luz do mar nacida
pra que renaza amor vida en fulgor renaza
contra escuro terror ou petroleiros ácidos de estrago
pinta co semen claro máis potentes albas
contra a baixa cobiza que reseca os pozos e que todo o esmaga
descubre ao noso pobo o seu azul o verde as verdadeiras casas
pon bosque sobre bosque reconstrúe os agros
salva a paz do labrego as súas leiras cansas
reclama o humilde banco fronte ao sol dos vellos
defende a xuventude do teu pulo en rabia
estoupen cera e mel en mil matices espallados
e triunfe triunfe o amor a liberdade
canta.

ODA AOS HOMES DA MIÑA TERRA QUE TANTO TRABALLAN TERRA COMO MAR

E vós en pés
materia ou tercos
rudes ardores
río.

Arriba en terra ou vento
cara o mar do diario e do infinito.

Vibrade a ese compás do mar e a terra
campa dos verdes
mar de azul
ferido.

Erguédevos meus homes do recuncho aldea dos cadullos
dos tristes portos
desfiañados fíos
coas vosas mans de bosta
coas lavadas nas algas e verdellos
polos mares abertos e os baixíos
co encallecer da fouce
e do remar seguido.

Proclamade en gran berro que existimos.

En pé rostro prá chuvia
duro trebón
xaraiba
norte frío
os que a sachar trincades esta vida en ritmos
ritmicamente esterco dos cortellos nutritivos
ritmicamente os barcos a enxendrar camiños.

Dese negror da terra
alevantada en máis brillantes e flexibeis bimbios.
Sempre a turrar do carro polo monte en bruto
entre mil penedías e mil chíos.
Cara un mañá de peixes
e de leite máis novo en branco limpo.

Quero beber agora nas tabernas
con vós o caldo en cunca da mistura a aperta
de mar e terra
con amor de amigo.

ODA ÁS SEMPRE MOZAS MARÍAS
QUE HAI TANTO TEMPO PASEAN SANTIAGO
A Miguel Rivera

*"Loubar eu loubara (...)
Túa saia leda
que non loubarán".*

LORENZO VARELA

Mentres se emite en cátedras gris ciencia
enzurriamento triste de libresco mexo
oh preguntemos hoxe quen farfalla inútil
quen fai entroido e leva farelentas faces
quen máis paifoco engreido doces donas miñas
oh Marías
das rúas
do sen sol Santiago.

Máis enfeites e cores e encubrir esas chepas
máis cosmética e polvos nesa pel inmorrente
e sorríde galantes redivivos pimentos
acendede coquetas as meixelas e os ollos
e aprendan novos, vellos, tristes, sabios,
oh Marías
suspiro
renovado.

Pra vós a primavera non empeza só en Marzo
todo é mañá e é noivos e mirar no espello
sodes os nós os dobres ballestrinques que atan
velamios grandes drizas o rizar de velas
pra navegar inmensa noite intactos
oh Marías
tan longo
sorridente Maio.

Oh perenes de azul e mocidades
desabúchame a verba sapiencial dos lindos mamotretos
e goréntame a flor sempre regada de potente enlevo
con que sodes creación andante poema
en Compostela inmóbil serio poema sacro
oh Marías
de axóuxeres
paxaros.

De qué piano ou mares doces ritmos veñen
e vos cantan sereas de promesas dentro
con palabras de amor que firmes credes
que serenatas aínda nos xardíns vos soan
en tanto xordos nós silencio achamos
oh Marías
antenas
a captar noivados.

Oh Marías sen ciencias e sen libros
sen sumar nen restar nen atender reloxo ou calendario
vós despreciades números idades os asilos dos vellos e baixades
coa gran ciencia do soño proa adiante
por Preguntoiro A Conga Rúa do Franco
oh Marías
souril
festa sen cabo.

Vós esteo ou coluna antinaufraxio
capirocha frutal contra as xeadas
inmarcesibeis asas de avelaira ardente
vinde vinde ao paseo reanimar Quintanas
Calderería As Orfas o Cantón do Toural Os Bautizados
oh Marías
de corpos
medievais
delgados.

Condenadoras ledas de laceira e néboas
rosas de trapo e sedas enxoval gardado
vós ramallosa aurora cantareira fraga
sementando nas pedras diaria farna
oh pondoiras galiñas que poñedes ovos de ilusión dourados
oh Marías
señoras
do corazón
decote namorado.

DESCORDO AOS NÓSOS POETAS

A R. Carballo Calero e Xosé Luis Rodríguez

*"Un cantar novo de amigo
querrei agora aprender"*

PEDRO AMIGO DE SEVILLA

*"¡Érguete miña amiga
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete miña amada
porque o vento muxe como unha vaca!(...)!
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas"*

FEDERICO GARCÍA LORCA

Cantares novos de amigo,
Pedro Amigo de Sevilla,
no teu Betanzos con viño,
quixera agora aprender.

Galos poetas, cantade.
Xoan de Requeixo, Mendiño,
El Rei don Denís en Coimbra,
Pero da Ponte, Meogo,
Martín Códax, mar de Vigo,
Paio Gómez, flor de brío,
meu irmán pontevedrés.

Cantigas novas decote
onde circulen navíos
e as mozas movan as saias.
Un canto de agora e onte
con "mar levado", con ritmos,
pra nel bañarnos en praias
e cara ao amor renacer,

Ven, meu tocaio Bernaldo
de Bonabal, e Xoan Airas,
e Xoan de Cangas, paisano,
de San Mamede segrel.

E o grande Esquíu das ribas
do lago con aves ledas,
e Torneol prás garridas
nas albas de fermosura,
e que resoen as rúas
de Compostela e aldeas
e haxa ledicia outra vez.

Ven, Airas Nunes. Con danzas
pranta un novo avelanal.
As noites de Xoan Bolseiro
con lei de amor hei cruzar.

A Bonabal quero eu,
lelia doura, ir con tal lei.

Vaiamos, amigos, vaiamos sentir,
nos ríos, nos lagos, nas beiras do mar,
as aves que axudan ao sol a saír.

Os sapos de Curros raufiñan ao luar,
Rosalía atende un moucho a xemer,
polo Norte grallan corvos de Pondal.

Vaiamos ao monte de Lugo, ao Caurel.
Quero en Novoneira aprender a oubear,
lembrando a Noriega e a Luis Pimentel.

Quero a maruxía que refresca a pel
de Manuel Antonio, trobador naval,
brisa en Cabanillas con sal cambadés.

Quero, por Trasalba, catar o xamón
de Otero Pedrayo á luz dun quinqué.
Quero o niño novo de Alvaro Cunqueiro
pra un vento de pombas zurando ao mencer.

Loubara a Lorenzo, a Iglesia Alvariño,
ós que o ar nos limpan co seu limpo son.
En Lugo Díaz Castro, Cuña en Pontevedra.
En Ourense, Eduardo, que é Blanco de Amor.

Xuntara poderes, como Miño e Sil,
de Manuel María,
Emilio Ferreiro,
García Bodaño,
de Méndez Ferrín.

Érguete, ti, transida, cos galos do albor,
Galicia de vento vaca e de chuvia mol.

ESCARNIO CONTRA ASÉPTICOS E OS SEUS DESODORANTES INDUSTRIAIS

A Luís Mariño

Carrachas ou cascudas denegridas de odio
gardo no fol pra vós aí volas boto
contra o rebombo e propaganda en teima
de mil desodorantes industriais en rolda
a machacar nos miolos tanto noxo contra os cheiros nosos.

Remaldigo as asepsias
monocordes linguas sen acento e tono.

Reclamo a liberdade de cheirar e de mollarme ceibe
nos ríos e fervencias e nas ondas
pra ter vivo e vibrátil o meu coiro
con zume de sudor polos traballos ou amor ou xogos.

E vou amar dar vida sementar na area e nas instancias frías
na catedral nas bibliotecas e expedientes e escritorios
e hei de bicar ben fondo
meter meu cuspe noutro cuspe a grolos
non borrarei constante o signo meu as marcas do meu corpo
non matarei as fontes ou cicheiros dos meus poros.

E remaldigo o medo
da singularidade de atoparnos diferentes entre o todo
de subir e estoupar como un foguete estraño
un golpe novo.

Escoitádeme asépticos
traidores oficiantes dos standard
da sequeidade enteira planetaria
da conversión en palla dos repolos
teño
 nas puntas
 dos pelos
 do sobaco
pingas de sudor dourado
pra acentuar o quente e o consciente
a vibración
irreprimíbel
do meu fogo.

ESCARNIO CONTRA OS QUE NOS MANCHAN CON PETRÓLEO
COMO O DO DESASTRE DO URQUIOLA
(A Coruña 12-Maio-76)

I

*„Hosco sol de negruras, llegas siempre”
„onda turbia, sin fin, sin fin manante
„contraria del amor*

DÁMASO ALONSO

Urquiola ou gran machado das máis puras saivas
broullada engulo podre gran mascada infame
contramilagre increíbel de quen ten a espada
finanza incuria dos sen luz nen alma
Quen che deixou mancharnos? ¿Quén idiota esgaza¿
?a placenta da ría a pel do mar a entraña
Xurda revente vénguese
ataque aquí ferreño de sotaque o océano
.e borre anuncio arruallo de uniforme e cartos
Que un furacán mil ondas en galerna e berros
arrepinando o pelo a remexer gadañas
.irrupa sen permiso con furor de alfanxe
Vexan o inferno no alto das súas altas casas
.a requeimarlle o soño a labarearlle a cama
Que o furacán os ispa. Que vexamos polas rúas
os seus inmundos cus soltando en trouso
prebendas que embolsaron. Veñan as xentes todas
Os peixeiros os indudabeis fillos do traballo
e furen con francadas as balofas nádegas
.a andorga e as cabezas de cobiza de águas
Cúspase neles noxo
.non atopen chalets pró seu decanso nin farmacia
Que o mar feito fogueira faga neles brasa
e en vez de salpicón e as mariscadas
engulan a podremia e o fedor máis cotra
no mediodía á tarde e pola noite arreo
todo o petróleo negro da antiflor do Urquiola
.contrario á flor ao peixe á foula branca á patria

II

*Vós lli tollests os ramos en que siían"
"e llis secastes as fontes en que beviann*

NUNO FERNÁNDEZ TORNEOL

Malia os ricos do mouro anegrón petróleo
.que fozando en tolada o tolledes todo
Vós tollestes os laños de peixes limpos
.e chantastes o fogo no mar fermoso

Anegrados vos sexan ánima e corpo
centos de anos adiante comades fogo
que por Mera A Marola e a Torre de Hércules
.xunto A Cruña e Ferrol por vós veu noxo

Mentres viñan polo ar as gaivotas frechas
biloricos en triunfo e fulgores novos
vós erguestes nos ceos as larafuzas
.e entoldastes os soles praias e pozos

Praia e pozo e familias das pesquerías
proxeccións submarinas cortados voos
noite e noite veredes en pesadelos
.como mans reclamando non ser abortos

Abortada vos sexa a cobiza e bafo
.de dragón nunca farto a gardar tesouros
Voso bafo en chamizo fixo mil pobres
.sen coidar nunca a patria dos nosos froitos

Vós sen patria seredes vento sen porto
.margalláns sen amores do noso pobo
Vós secastes as fontes que nos nutrían
.e a ledicia das aves dun Maio novo

LETANÍA PRA NOS LIBRAR DOS QUE A NINGUÉN AMAN

Os que non aman nen saben de amor"

"fazen perder aos que amor han

XOAN BABECA

,Os que a ninguén aman non aman, fornican
e os seus xudres poden chamizar os campos
.apestar os pozos

Os que a ninguén aman podres peidifican
polas chamineas das súas grandes fábricas
.gran fedor e noxo

Os que a ninguén aman traen moita química
con babas brancuxas que dan morte negra
.por ríos avoltos

Os que a ninguén aman os ouros deifican
e cóidanse deuses nos bancos absurdos
.entre papelorios

Os que a ninguén aman fan as autopistas
pra que circulemos máis raudos ao absurdo
.cada vez máis tolos

Os que a ninguén aman son os que urbanizan
e nos engaiolan en tristes cementos
.como tristes monos

Son os que trafican
con cañóns e artes de espallar mal fogo
e andan esfachando os volcáns máis puros
.da ilusión e o soño

Son os que nos guían
.e non teñen ollos

Dos que a ninguén aman librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto
librémonos pronto

IREI A DARBO

Traicionareivos, homes.
Irei á Varalonga co meu verso e soños,
ó meu recuncho en Darbo.

Non hei querer a máquina, o "progreso",
a lei dos cartos, as centrais nucleares.
Hei preferir os "bárbaros".

Hei de salvar meu mundo
polo monte,
en Darbo.

Hei contemplar sobre a gran ría a lúa
nas noites claras, e o pai sol nos días
rescatando do inverno flor e pinos
e o meu amor entre eucaliptus altos.

Cheirarei erbas puras. Limpareime
de vós, alá, en Liméns,
no mar sagrado.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA
VIGO 1980

Removal do Girante

*sima-cima
do voar do tolo*



ALGALIA EDICIÓNS
A CORUÑA 1984

OH BANDEIRA DE ONDAS QUE TE ENRUGAS HOXE HOXE

Oh bandeira de ondas que te enrugas hoxe
que de min te escondes por un mar adverso,
dentro do meu puño non entras

Desfaite

Confúndete

Súmete

Escapa

¡Naufraga!

Quedarei dereito sobre o acantilado

Maxestuosamente

pairarei calmoso

abrirei as velas tolas da potencia

de vivir

en tanto

se esfarela o barco

de ti gran miseria

Perdición

Desgracia

Fúndese a tristura dos teus ollos negros
sobre o triste e negro de terríbel grea
de nubarrs grandes como o inverno grande
e xa sei moi certo que me chove certa
auga de podremia da que ti me mandas
Pero estou dereito sobre o acantilado
Pero estou moi teso firme duro a fronte
Vexo que arrodeas como un caos mesto
Pero tras do inverno triunfarei cos raios
que hai en min por dentro e nos soles altos
que dirán ¡Vinganza!

Quedarei dereito teso firme duro

senlleiro encarado contra o mar adverso

Dentro do meu puño medra outra bandeira

que ha de abrirse toda tras da túa noite

nun canto glorioso

de Aurora

e Esperanza.

VOUME PONER COMO UN MASCATO ERGUEITO (CABO-HOME)

Voume poñer coma un mascato ergueito
sostido polos aires que me embaten sobre escumas

Voume cubrir do pelo máis rasposo e teso
e ceibarme no monte coma un lobo
e aguzarei o meu ouvido os fios
das luces dos meus ollos o furor das uñas

E pola noite escoitarei atento
o motor dalgún barco que se atreve
a sachar coas súas helices os mares
e verei que se perde
igual que o amor
a vida que se esfuma

Voume poñer de arregalado
ollo de gato pola noite enteira
nos caborcos dos cabos co soar do vento
a voz lonxe dos libros e dos homes
E no día no abrente
voume poñer de tuba ou gran trompeta frente
deste auditorio de ondas e gaivotas
extensión ondulada de ilusións que escoan
como ríos que esvaran pola pedra ao plano
da idea do horizonte

Voume poñer de fonte cichamento ou cepa
en vinte dedos-acios coma xesta aberta
a sinalar as illas que se ven e as outras
as que andan invisíbeis e andan lonxe
porque
non se me perda o ritmo do motor e as hélices
a rodiciar sachando no meu sangue
a navegar sachando a miña historia
a endurarme en tendóns a prolongarme
en proxección contínua en vinte oubeos xordos
en vinte clamoreos de uñas novas

Voume poñer de golfa e solta
brava besta a brincar entre os piñeiros
a ver sempre o espectáculo
do mar ante os meus pés de inmensa alfombra
onde soñarte
amor
onde emborcarme
e ser feliz incluso cando foxes

Voume espir e lanzar a salferir nos riscos
entre os cons e cabezos
lonxe
lonxe
seguir ronseis moi raros
bailar -arriba, abaixo- ser un plancton cando
xa non bebes de min non te alimenta
o dulzor do meu cuspe o meu lolaimo pola boca

Vou sen reló sen amo sen horario
vou sen día sen noite
sen bolsas de excremento puntualmente
sen inscrición en censos sen diñeiros
no mar
tamén sen ti
amor
sen meu amor
sen teu amor
sen odios

Voume poñer xinete de Quixote enriba
dunha balea natural e longa

Voume volver pastor dos cachalotes
e dos chibartos grandes, das candorcas,
a navegar sobre eles
contra ambición nun reto
contra os cañóns e as farpas matarifes
en ámbitos
en ámbitos
en ámbitos
avante
avante
avante
en gloria.

OH BANDEIRA DE ONDAS COMO ONDEAS HOXE

I

Oh bandeira de ondas como ondeas hoxe
toda branca e franca

Amiga, encontreite
Es a flor máis alta

Estabas na límpida cúspide dos cráteres
de lúa construída con soedade e calma
despois dos incendios que non te afogaron
despois das tormentas que pasaches salva
Estabas en rixos adarves dos soños
en torre labrada por firme esperanza

Para a túa almea traio esta bandeira
que cruzou tamén ventos e batallas
Pona ergueita arriba sobre o teu castelo
Deixa que tremule sobre a túa casa
É bandeira ousada de ilusión e canto
que por ti contenta se abre branca e franca

Amiga, encontreite
Es a flor máis alta.

II

Amiga hoxe os ventos por fin soio cantan
e erguéronse tolas aves en bandadas
ao sentir teu paso de música clara
e pescan nas luces neses novos peixes
que levas na ollada.

Albiscan teus ollos tan limpos e grandes
atal mares cheos de frescas bancadas
xurdidas en xermes de verde misterio
coma unha pregunta que traza roteiros
e inxéctalle ás aves incendio nas plumas
co brillo do triunfo da prata dos peixes
que levas na ollada.

Teus ollos amiga son unha sentencia
de dous cañóns firmes que á angustia disparan
fusílana certa líquidana mátana
en contra o barranco da noite soturna
que foxe ante os cantos vibrantes que veñen
traendo a victoria co vibrar de peixes
que levas na ollada.

Son como a vizosa fermosa ignorada
remota illa incólume que ao náufrago salva
que vai ser escrita por fin indelével

en min tras terríbel escarpada viaxe
onde non comía non me alimentaban
nin viño nin doces nin o pan e os peixes
que levas na ollada.

Amiga hoxe os ventos por fin soio cantan
e erguéronse tolas aves liberadas
dos muros tristes e dos torpes medos
e dos tangaraños que onte me encerraban
Hai velas bandeiras e partimos xuntos
e pesco polo iris na espiral de peixes
que levas na ollada.

III

E por voar mellor espacio, as velas
das asas das gaivotas máis me valen

Vén unha luz e atmósfera de flores
e impúlsome e respiro o mellor aire

Vén a esperanza a dita do rinchar primeiro
do abrente do cabalo na montaña

Vén o vento do Norte dende a estrela
máis consistente e pura a refrescarme

Vén namorado o mar coma un toliño alegre
e abalánzase en risa inmaculada

Vén o sol capitán dun mesto exército
de incorruptíbeis raios a vingarme

Vén un íntimo son que anova o mundo
porque sementa vibración de cante

Vén o verde do ceo dos teus ollos calmos
e por fin sabe a ruta a miña nave

Vén o regalo dos teus labios quentes feitos
coma pan polas mans de deuses grandes

E por voar o mellor aire vállanme
as asas deses brazos con que abrazas

E por correr auga mellor oriéntome
cruzando a seda do teu corpo, amada

Veñen gaivotas flores a esperanza a dita
o vento Norte a estrela o mar o sol o cante

O peixe o pan os deuses porque veñen
teus ollos labios brazos o teu corpo, amada.

Bernardino Graña

HIMNO VERDE



ESPIRAL MAIOR
POESIA

HIMNO VERDE
de
Bernardino Graña
acabou de se imprimir
o día 25 de Abril de 1992,
no 18 Aniversario da
"Revolución dos Cravos"
portuguesa.

BRINDE DE ROSAS E AMORES

1

A ROSA NACE ILUSIONADA

¡Canto pular, puxar, buscar a atmósfera,
ascender e ascender calada en horas,
noite e día, da terra para arriba,
seleccionando os zumes da túa vida
polo escuro das lamas coas raíces,
para, por fin, na aurora, pulcramente,
chegares a captar luces divinas,
rocíos como bicos das estrelas
pola cheirosa pétala sedosa,
veludo en labio leve ilusionado!

E así este mundo triste en ti respira.

2

DIXITALIS-ROSAS NOS CAMIÑOS

*En homenaxe e lembranza
de Salvador García Bodaño*

¡Que tolamente alleos imos, vimos,
bulimos, louca peste, barullamos,
trillamos monte, grama, ríos, lagos,
pasamos brutalmente rente aos cómaros
das dedaleiras, croques, alicroques, cócalos,
estralotes, abrulas, dixitalis-rosas,
purpúreas, as flor-aves, bocas ávidas
de darnos a mensaxe doutro espacio!

3

PESTANAS-ESPADANAS

¡Oh que tesouros brillan e convidan
na festa e no recato da túa ollada,
como o brillar do sol entre os ramallos,
nas espadanas mouras das pestanas,
mellor curvadas aínda que os centeos
baixo o vigor dos ventos en bullanga!

4

CABELO-ARBOREDA

E mira que se enreda,
amiga, ese gran bosque do cabelo,
caíndo escuramente sobre a diáfana
pétala tersa do xazmín en branco
do colo teu ergueito.
¿Onde me leva?

¡Oh que arboreda máxica!

5

LABIOS-UVAS

O sol no mar a pórse, e vén a noite,
e ¡con que luz, meu sol, no beixo invades!
Ao pé do mar son vides os teus dedos,
acios, viñedo, sol, tenrura espallan.
A uvas maduras os teus labios saben.

Vén o teu sol ergueito a min no ocaso,
cando outro sol redondo cae nos mares,
cando me rindo e caio nos teus brazos.
¡Que quente e doce sobes aos meus labios!
A uvas maduras os teus labios saben.

Os teus brazos encerran luz moi grande.
Se me aprisionan líbranme da noite,
de clandestinos, negros, malos aires,
e danme a gloria dun sol meu moi íntimo.
A uvas maduras os teus labios saben.

Todos coñecen o solpor no lusco-
fusco-roibén do sol que morre suave.
Somentes eu coñezo o táctil soño
da realidade do teu sol nos labios.
A uvas maduras os teus labios saben.

SOÑO-VENTO

O vento aquel da ruindade
ama securas, cavorcos,
separacións, pardiñeiros,
resoares de voz de choro.

Inxectoume un pesadelo,
negror de río de noite:
"Afúndese o mundo todo,
demolicións, tristes golpes,
amor en sangue perdido...
O canto faise balbordo."

Mais xa pasou. Vén o abrente
nun sol que renace morno.
Desperto. Ti estás enteira
en ondas de doces roupas.

Non es aquel vento, es man
lene e quente no meu colo.

Navegas nun rir dos ollos.
E vou neles, nos teus labios
máis mornos que o sol, gloriosos.
E o vento aquel do mal soño
xa vai no seu lonxe, morto.

7

AMADA-TECEDEIRA

Non fas máis que tecer, oh dona amada.

Primeiro o teu tecer cos ollos máxicos,
esa invisible tea en que me levas,
que fai a nosa vida cotidiana:
paciencia, amor, os panos, as alfombras...,
nun ir e vir de sabia,
no lar, xusto no centro, en min, sentada.

¿Mais como aínda podes pórme cores,
doce lan que me encalma,
no meu bulir de tolo, baixo as plantas?

8

A ROSA MORRE CALADA

¡CANTO pulou a rosa ata soerguerse,
firmemente, a rimar co abrir da risa,
branquísima na festa dunha ollada,
ata o solpor tal vez, para, en silencio,
perder recendo e pétalas, caírse
como se vai caíndo unha lembranza!

BRINDE DA ÁRBORE ANTIGA

1

Dentro, na árbore,
no máis pecho,
polo arcano,
sei que hai lume,
bafo e canto.

Védea ergueita,
pulo estraño,
vento e pau
contra da altura,
esfuracando.

¡Cantas cousas
—assembleas,
xuntas, bullas,
coches, xentes,
vidas, ventos—
van morrendo,
van marchando!

Ela, firme,
crava as raíces
como sachos.

E, da terra,
está zugando
lume
interno,
bafo,
ánimo.

5

¡Que gaiola
e barco e rede
tece e trama
con engado!

Dura e maina,
torre forte,
tronco grácil,
cimbrente,
airoso pazo.

Polo mar dun tempo amplo,
vai perenne, como un irto,
rexo barco-

Rede e mastros
de irmos xuntos
a pescar
ao ceo os astros.

BRINDES-CONXUROS

1

ANTE JOHN LENNON, MÚSICO-POETA,
ASASINADO EN MANHATTAN

I

Escacharei a copa da queimada contra
da foto vil dese asasino Chapman.
E escoitarei os cantos teus,
John Lennon,
que os sete tiros tolos non abafan.

E acenderei un lume meu por dentro.
Contra a túa morte acenderei a rabia.

E escoitaremos cantos teus,
John Lennon,
e vibrarás,
poeta,
en novas chamas.

Non vou querer doce licor nos labios,
si o estupor das aves en Manhattan,
dos soños dos meniños despertados
agrementemente en Nova York coa alba,
da dor de Yoko Ono,
dos amigos
de Liverpool,
de Belfast,
das rapazas,
das xentes ledas que a cidade oprime,
co teu cantar un día liberadas.

Escoitaremos cantos teus,
John Lennon,
que a envexa en sete tiros non escacha.

II

Por Lennon e os poetas que a tolice
do mundo está matando,
en pé.
Calade.
Bebede.
Unha lembranza.

E, en silencio,
ollade o mar aberto, as amplas rotas
dos soños e as gaivotas non cazadas
cos ollos como croios
secos,
duros,
igual que barcos que andan sempre avante.

Nós non choramos,
porque xa sabemos
que é inútil,
que é moi tarde.

Nós non choramos. Pero, tristes, somos (*)
caracolas tiradas rente ao mar, á escoita
dunha música interna que fabrica
lentamente, entre ruídos, praias suaves,
a furna dos tesouros
por días e por noites,
para a alba
que ha de estoupar en cor,
luz,
son,
verdade.

Gardade un gran silencio. Hoxe as guitarras,
en memoria de Lennon e outros moitos
poetas e cantantes,
han de imitar o son do mar máis agre.

(*) Imitación e homenaxe a Álvaro Cunqueiro.

ANTE INCENDIOS E
ALDEAS CAIDAS

Xa prenden,
xa queiman,
xa agostan,
xa estinian,
o verde xa secan,
a grama xa incendian,
os matos,
as herbas,
a pel,
o pulmón
da terra
máis tenra.

Xa abaixan,
xa achandan,
xa humillan,
desprezan.

¡Ai, árbores vellas!
¡Ai, casas de pedra!
¡Solainas, pendellos,
hórreos, eidos, eiras!

¡Xa veñen as máis
horribles das néboas,
nubes de baixeza,
nubes de ruindade,
malos lumes negros
das almas máis negras,
as máis baixas nubes,
desamor, xenreira!

¡Que escoiten os que andan
por fóra da terra!
Hai moito silencio
en certas aldeas
que navegan soas,
sen Norte, sen meta...

¡Que veña un orballo
que, engordiño, pinga,
sabio, penetrando,
e que lles penetre
dentro, na negrura,
fondo, na conciencia!

¡Que veña a potencia
de volcán dos talos
que en segredo pula
o zume, que eleva
a criar máis árbores,
a formar florestas!

¡Que veñan as nubes
divinas do ceo
cheas de treboadas,
de fulgor, de raios
puros das tormentas!

¡Que veñan mulleres
que coidan, que limpan,
que gardan as casas,
que cantan, que empreñan!

¡Que veñan os nenos
que xogan, que berran!
¡E veñan labregos
que sachan, sementan,
que xunguen os bois,
que meten a rella...!

Oremos. Que veñan.

Despois desas nubes
veremos o Norte
limpo e firme, o rumbo
por entre as estrelas.

6

PARA BEBER AUGA E VIÑO E ESTARMOS XUNTOS

Colle a modo ascuas do fogo
reconstruído do teu lar
coa túa man e co teu soño,
onde non reina o alquitrán.
Con unto de porcos bravos
e estrugas dos ortigais.
Con chispas e lostregazos
e tronos dun temporal.
Sacando con viño as nubes
que entoldan o teu ollar.

Con viño ao caír do sol
e con auga na mañán.
Con pingas limpas, correntes
dunha fonte perenal,
das vellas fontes dos montes
con auga sempre a cantar.
Derrete ese lazo, o xelo
do duro egoísmo e vai
sacando con viño as nubes
que entoldan o teu ollar.

Desterra á barranca a mala
araña co seu tear.
Condena no seu burato
o fel do lagarto arnal.
Derruba a caivanca fonda
serpes mudas, sen campás.
E bota un urro moi forte
do teu peito, e un cantar,
sacando con viño as nubes
que entoldan o teu ollar.
Un cantar pola túa boca,
pero un cantar comunal,
non privado, solidario,
o verdadeiro cantar.
Pancada na alma caída,
abalo de espabilar,
sacando con viño as nubes
que entoldan o teu ollar.

7

CONTRA BARULLOS

Silencio. Hai un orballo
de terca primavera
que vén coa noite e fura
e vai mollando e entra
e busca en ti e no mundo
O corazón, a pedra.

A primavera tola,
calada, firme, lenta,
Afíanse as espiñas.
Queren xurdir máis herbas.

Mira que así, silente,
a flor tamén intenta
moi de vagar, que triunfe
un chisco de beleza.

Silencio. Hai unha loita
porque mañá apareza.

Están as raíces mainas
zugando baixo a terra,
a procurar dar zumes,
máis troncos que florezan.

Cómpre silencio. escoita
o vento que sementa,
o vento que se enfuria,
que as plantas abanea.

A saiba, os talos pulan...
Enduran, endereitan...
Queren subir. É a vida,
sempre ilusión e espera.

Deixa que así, silente,
vaia medrando e se erga.

Silencio. Un invisible
orballo engorde intenta
facer que fructifique
o corazón, a pedra.

BRINDE DA FRAGA AMIGA

Fagamos torres de babel en verde,
en árbores diversas como as linguas.
Fagamos torres de babel en vasos
comunicantes, saiba monte arriba,
manto e mornura con lentor de follas...
Fagamos torres fraternais, selváticas
de entrelazo de brazos que concerta e vibra.

Fagamos torres de babel en soutos,
carballeiras profundas, romarías,
sombas ledas de erguermos aturuxos,
gaitas, fervezas, voz de furnas íntimas
onde medran as raíces do misterio,
ventos a vir con furia desde as costas,
da nosa xente ao lonxe, de saudades, de iras.

Bamboleemos o loureiro, as cepas
de encadreladas e vizosas viñas,
sebes, devesas, touzas ou xesteiras,
herbas ou flores frescas baixo as brisas,
mesturación de plantas e paxaros tolos
nunha selva confusa en harmonía.

Ergueremos os brazos, dura a testa, os ollos
moi abertos, coas ansias, a porfía,
como os gomos e as uces, no enguedello,
no madurar de froitos de vivencia amiga.
E afundiranse as mans negras que incendian.
E triunfará a alegría.
¡E triunfará a alegría!

Bernardino Graña

LUZ DE NOVEMBRO



ESPIRAL MAIOR
POESIA

Bernardino Graña

LUZ DE NOVENBRO

ESPIRAL MAIOR

1997

LUZ DE NOVEMBRO (NA MORTE DO XENERAL FRANCO) *

E, por fin, xeneral, xa vas fedendo.

E agora que os carunchos, as lombrigas,
os vermes, as bacterias en exércitos
avanzan contra ti baixo da terra
e van furar voraces na fermosa,
rica madeira e guata do teu leito,
nós temos que facernos outros bichos,
nós temos que afiar uns dentes irtos,
potentes, penetrantes, para roerte,
para acabar contigo e cos soldados
na inercia das túas ordes, sen cerebro.
Nós temos que saber erguer os puños
pechados e moi fortes ós fociños
dos ogros axudantes do teu reino.

Non vale que ti mesmo, os teus esbirros,
vos agachedes baixo os crucifixos,
non vale que finxades ser apóstolos
ou santos baixo palio ou pobres vellos.
Sabemos que nos toca o labor duro,
a loita de escachar todo o castelo
montado na traición e na falsía,
e agora, coma a chuvia de Galicia,
cairemos sobre vós pinga tras pinga,
cairemos coma os golpes do martelo
do firme forxador ou do canteiro.
E afastaremos as noxentas bocas
dos teus lobos e cans a recomernos
e temos que facer que estoupe o ventre
que deixas empreñado con xermolos
dos teus horrendos cómplices do inferno.

Vexo a cidade estática, pasmada,
polas molladas rúas amencendo,
falando en grupo a xente, con prudencia,
con pánico avanzando. Hai unha nube
moi grande e moi escura polo ceo.
Os fumes dos tellados soben lentos.
Domina aínda a sombra, pero hai patios,
reductos que alimentan en segredo
unha manda de galos atrevidos
que van cantar a luz, dar peteirazos,
escangallar coas uñas os poleiros
das pitas da inmundicia medoñenta.

E axiña firmemente escacharemos
a longa noite pétreo, todo o medo.

Por fin, ouh desgraciado, vas metido
nun rico cadaleito, es un cadáver
que fede en toda España xa hai ben tempo,
que quixo a todos nós apodrecernos
xa antes de morrer, e irás seguido
de outros coma ti podres por dentro,
podremia con aspecto de persoas,
fantoques xunto a cruces, entre bispos,
hipócrita función, fraude do demo.

Abramos as ventás. Amence un día
que trae o amencer dun novo tempo.
¡Hai aire renovado! ¡Xa respiro!
¡Xa cantan polo albor os galos ledos!

¡Vainos nacer gran luz nesta xornada!
As néboas da nenez, aqueles contos
terribles xa se van esmorecendo.
E vexo, xeneral, as bambolinas,
cortinas, gran telón, todo o teatro
da farsa, da mentira desfacéndose.

Agora contra ti un gran exército
de couzas, vermes, lesmas e bacterias
avanzan invencibles baixo terra,
soben á faraónica pirámide,
ó teu vaidoso túmulo con templo,
ostentación de cruz en sacrilexio,
e invaden de “caudillos victoriosos”
polo aire, polas fendas do sartego,
avanzan implacables na túa caixa,
profundan polo escroto, polo cranio,
papan os torpes miolos, xa devoran
a man coa que firmaches as sentencias
a man que só quería firmar morte
e ternos entre reixas e trasteiros

¡Cantemos! ¡Aleluia! ¡Deamos gracias!
¡Morreu o Satanás, o non amigo!
¡Gran luz pode vir hoxe, neste día,
neste amencer grisallo de Novembro!

Rúa do Home Santo, Santiago. Amencer do 21 de Novembro de 1975.
Publicado por primeira vez, A Nosa Terra, XI de 1995

A ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS NA SÚA TERRA
DESPOIS DE LLE PLANTAR UNHA CERDEIRA.

Temos que darlle esa alegría ao vento.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

QUE honor tan grande, Antón, cando me deches,
pola túa man obreira e xenerosa,
comida, pan e viño cantareiro,
na tasca con Sofía, cos teus fillos,
coma un traballador simple e modesto,
ti tan mañoso Ulises, tan prudente,
ti, cauto e resistente home do pobo
que hoxe sabemos ver coma un gran Héctor
que disfrazado estaba e xa nos leva
de capitán clarísimo e guieiro...

Contareillo ós meus fillos, ós alumnos,
Ós cidadáns..., como eras de sinxelo,
como te puñas un mandil, fregabas,
traías cuncas, pan, viño nos xerros
e entregábaste a todos, repartíaste
na tasca, polas rúas, no concello...
e cantabas coa xente entre os pipotes
e animabas e dabas vida a eito
no bar, no teu traballo de cotío,
na típica taberna, taberneiro.

E tamén contarei daquelas outras
xuntanzas de poetas e toliños
convocados por ti en irmandade,
en harmónico e lúdico congreso
e como recitamos remontados
sobre as pipas, solemnes e moi serios...

Que saiban claramente hoxe en Galicia
como eras é como es o noso poeta,
gran Antón Avilés de Taramancos,
profeta, guiador polo deserto,
por épocas, por éxodo e ignorancia,
o noso gran Moisés a liberarnos
de Supermán o ianqui, do alleo,
que ti fuches e es gran sementeira,
muíño de dar pan que non perece,
comida que é no espírito alimento,
queimada a arder na noite que nos pecha,
na cunca do convivio, alcol do verbo.

Que saiban que eras, es, seguirás sendo
o tolo necesario, inqueda vento
sacudidor do sono da inconsciencia,
a gran campá que pode convocarnos
e clareza de sol a abrir vieiros,
ouriol dos nosos bosques misteriosos
a cantar entre brétemas senlleiro
e tamén home-orquestra, xograr ledos
a reanimar a praza rebuldeiro,
que estás inda na praza co teu pobo
pola forza dun canto verdadeiro,
sendo inda un irmán, un concelleiro,
un camarada en loita e faro egrexio...

E hai que contar a todos a novela
real da túa vida de viaxeiro,
como emigraches polo mar a América,
como alí te metiches selva adentro
e subiches ó Cauca, polos Andes,
e te uniches a tribos marxinas
irmanado cos indios, de churreiro,
a traficar na venda de cabezas
de gando e mesmo de homes entre os xíbaros,
a domear cabalos, vender libros,
de cavador, conserxe, recadeiro...,
como fuches tamén ti mar profundo
unhas veces calado e reservado
e outras con furor santo batendo,
mar que sabe encalmar dentro da ría
e fóra ser océano violento,
como estabas e estás en nós presente,
presente de soldado firme e teso
e presente movéndote diante
como un gran capitán inmorredoiro,
como mestre que dá a lección que ensina
a contemplar, palpar por fóra e dentro,
nos propios sons da lingua, nos paxaros,
nas máis íntimas frutas, garamelos,
no afán de erguer a terra é sementarnos
en corpo e alma dando a vida enteiros.

Porque ti vés, e tornas, continúas
coma un trebón, ciclón de amor atómico
que engrola desde aquí polo universo,
vibración, gran tambor que chama e xunta,
inacabable orballo en santo rego
a unxirnos na misión de reencontrarnos,
de ser pobo e nación e ser nós mesmos
deixando os falsos deuses, malos demos.

Así ves ti nas veas, xa no sangue,
coma un volcán profundo e soterraño,
coma as raíces da cerdeira nova
que de abaixo ha xurdir a ceo aberto,
consustanciado en nós, coma un alento,
polo misterio e pulo da palabra,
polo poder divino desa música
que vai na onda do ritmo do teu verso...

Así virás en Boa, en Taramancos,
en Noia, en todo o país, encontra o escuro,
encontra o demo torpe da indolencia,
encontra os que quixeran máis cemento,
máis extensión de morte e de silencio...

Estás presente en nós. Non puido a morte
matarte, porque vives na beleza,
na primavera do teu verbo auténtico,
na fe de alto e rebelde Prometeo
roubándolle esplendor á luz do ceo.

¡Sube agora a nacer en forte seiva
nesta cerdeira nova que plantamos,
e móstrate en verdor, en flor, cereixas,
osíxeno e cancións de mil paxaros!
¡Que medren tronco rexo, follas tenras,
e aquí, na túa sombra, mozos, nenos
cos libros das escolas e das casas
con emoción e con fachenda digan
ben claras cada sílaba do canto
que vén co gran latexo do teu peito!

"Temos que darlle esa alegría ó vento".

NA MORTE DE XOSÉ ALEXANDRE CRIBEIRO *

BAIXEI, Cribeiro, á abra de Tirán, aquela
area arrecunchada na que un día alegres
nadamos coas mulleres: Susana, Iria, Carmen,
onde felices vimos a paisaxe, a raia
dun horizonte aberto a limpos soños
de amor e de ilusión, de patriotismo, grandes,
máis potentes que a morte estragadora
que agora mesmo a túa cinsa espalla.
Pasou unha gaivota que tristeira chiaba.
Estaba a maré baixa, solitaria a praia.

Senteime sobre un con e preguntei: O amigo
Pepe Cribeiro, irmán, o da inqueda
acoitelada sempre en longa espera...,
¿que é del? ¿Foi ó estranxeiro de viaxe?
¿Virá por fin a darnos o seu filme?
¿Perdeuse pola luz que tanto amaba?
¿Quen somos? ¿Só unhas pozas da maré entre pedras
que logo son de novo polo mar lapadas?
¿Pulou un mar no abalo pola acción do estraño
vigor da lúa meiga que nos trae á beira
do mundo a debalar a un proceloso magma?

E só me contestou o rouco estrondo
das vagas incansables coma un puño
a bater contra a praia e mais o chío
tristeiro da gaivota que pasaba.

(*) Arranxo do poema publicado na revista poética da Universidade de Santiago de Compostela, DORNA n°21, en 1995.

HOMENAXE A LAXEIRO *

CAI un gran sol, un viño
acedo e doce a un tempo
nos santiga
de parte a parte,
penetrando
arriba;
chega ó curuto,
adentro,
polas febras íntimas;
cai o roibén e sobe
e arrebola as cimas.

Por cavorcos, por raíces,
polas gorxas,
vénnos cantando,
vibra.

E vai entrando a noite,
pero aínda
pinceladas potentes,
sangue en tinta,
acendidos brochazos
nos animan.

Ese gran sol,
vermello coma un viño,
polos altos laxeiros
danos vida.

(*) Publicado na Homenaxe a Laxeiro de escritores e artistas de Galicia. Galería de Arte Citania. Santiago de Compostela. 1991

ANTE FIZ VERGARA VILARIÑO, NA DESPEDIDA EN LÓUZARA *

COMA amoroso galo solitario,
coma incólume aguia de montaña,
coma un gran moucho á espreita que na noite
nos alumea o mundo coas palabras,
coma un río melódico e profundo
que de lonxe nos trai mensaxe estraña,
coma un louco de amor secreto e santo,
areloso do encontro coa verdade,
así te vas, meu anxo Fiz Vergara,
na gloria do verán, para outra gloria
que che será máis firme,
pura,
alta.

(*) Escrito na camposa ó pé do río Lóuzara onde se oficiou a despedida, perto da caixa mortuoria de Fiz Vergara, e recitado alí mesmo, o día 20 de Xullo de 1997.

A MANUEL MARÍA E SALETA NESTE DÍA

UN himno de amor á vida
salpicada de mil cores
cómpre, Manuel e Saleta,
que entre os abrazos estoupe,
un himno de amor, de orgullo
polo noso en ledas voces
a resoar neste mundo
de desamores feroces,
un himno como aturuxo,
canto coral, desconforme,
un gran concerto de xente,
cordial vibración moi forte,
proclamándonos coa Terra
responsables loitadores,
contra cutres, desleigados,
os que se encollen e foxen,
contra os ruíns que destrúen,
contra os que rirse non poden
senón con falsía e, dentro,
no corazón, están podres.

Un himno en verde amizade
que madurece decote,
sempre a subir das raíces,
sempre a erguerse e a ter brotes,
a contaxiar alegría,
a dar no inverno calores,
a despexar negras nubes,
a xuntarnos cara a un Norte,
a sementar esperanza,
futuro, ilusión ..

Damos gracias e saúdos
á vosa luz contra a noite,
milagreiro sol diario,
coas cousas simples e nobres
coma os regatos e aldeas
cos seus peixes, cos seus montes
cos seus hábitos antigos,
con nenos e donas e homes
e árbores e paxaros
da Terra Chá e Monforte.

Lido na Homenaxe da AS-PG a Manuel María no Teatro Rosalía de Castro. A Coruña, 15 de Setembro de 1995.

Ó POETA MÉNDEZ FERRÍN, IRMÁN DE SOÑOS CELTAS

AH, poeta peregrino entre os fumazos,
entre as torres, entre os ruídos do inimigo,
vinte un día coma un pobre
verrón bravo enguedellado
entre arteiros finos fíos coloridos
de novelos enliadores e malvados
colocados baixo o monte dos cabalos,
baixo as lindes do teu reino
para terte prisioneiro, secuestrado.

Ah, o rebumbio que te cerca, que te abafa,
mar revolto de cen ventos encontrados,
de galernas, de trulladas, de neboeiros
de encubertas aguacións e traidorías,
de odio, envexa, e rancor disimulado.
Vas de barco bambeándote, naufragas,
vas cruzando lentamente as longas noites
dun inverno interminable, duro, ingrato.

Ah, os espellos, as farolas, os enfeites
destas rúas, destas salas, canto engano.
Tantas festas, fastos, feiras, tanto entroido
e despois, en canto saes, nun calello,
ou se acaso nunha tasca de mal viño,
nun recuncho húmido, cotra, miserable,
xa te prenden, xa te enlían cos seus rabos
gatos negros, ruíns escouras, refugallos,
medios seres que te lamben e que agardan
o preciso intre de darche o navallazo.


Ah ese engado consumeiro, todo teatro,
de patrañas e aparellos e aparencias,
soño vil e tentación, demo nefando
que nos deixa nas raíces sen a seiva,
sen o vínculo co pobo, tencionando
enturbar os nosos vieiros cara adiante,
cara atrás gloriosos marcos do pasado.

Ven e sube, busca os cumios onde aínda
vibra ó vento en rebeldía a carpazona,
onde medran espiñeiros, uces, toxos,
que enguedellan con mil fentos e carrascos.
Ven e berra desde o teu nobre cabalo.

Retoma a voz potente, non confusa,
amigo limpo e fiel, ferro invencible,
campá de son preclaro.

Volve ós cons do castro esgrevio e, desde arriba,
no teu sitio, contra os ventos, posto en alto,
continúa a ser o forte, o deslumbrante
faro e luz que pola noite sabe guiarnos.

Ti volve, Perceval, pola congostra,
pola Verea Vella, ó derradeiro
reducto de occidente, ós nosos ermos
de albergues onde triscan os teixugos,
antiga patria arnal dos cochos bravos,
e ven sempre de bruxo, druída e bardo.



**SEN
SOMBRA
E SEN
AMOR**

**Bernardino
Graña**

DOMBATE



EDITORIAL GALAXIA

Bernardino Graña

SEN SOMBRA E SEN AMOR



EN CONTRA A DESVENTURA RECLAMAMOS

EN CONTRA A DESVENTURA reclamamos
porque hai nais ferozmente violadas,
e hai imperio global, escravitude
que dan fillos doentes, extraviados...;

porque ás portas de pazos, de despachos,
de antesalas de mármore e frialdades,
agonían no chan negros de fame
anciáns, mozos, meniños desgrazados...;

porque morren cada hora e a milleiros,
corazóns inocentes que preguntan
con espantados ollos, acendendo,
nos que teñen conciencia, dor e escándalo...;

porque acoden a nós desesperados
mulleres e homes bos, pobos honrados,
escuros polo sol e a miseria,
pedíndonos traballo, desprezados...;

porque a usura dos ricos agrilloa
nacións empobrecidas, espoliadas,
ateiga inmundos cárceres con tolos
sen luz e sen escola, marxidados...;

porque reinan piratas do petróleo
a converter o mar nun triste estrago,
a matarnos o pan, o peixe, a vida,
a rompernos as praias, a roubarnos...;

porque hai moitos berrando xustamente
con flor branca e pacífica nos dentes
contra o abuso dos fatos e finchados
por Seattle, Praga, Xénova, Florencia,
Lisboa, Gotemburgo, Barcelona,
Porto Alegre, Bangkok, ou Santiago.

QUE NON O SAIBA O VENTO NAMORADO

(Nos días do desastre do petroleiro Prestige)

QUE NON O SAIBA O VENTO namorado
que vai agarimando, unha a unha, as praias.

Non é siroco, ningún vento seco
o que nos ceifa a vida dos pequenos,
o que arrasa as casoupas, o que rouba
as forzas das mulleres entregadas
ao diario labor, o que desgarras
as carnes das nacións sacrificadas
en aras do progreso da falacia.

Non é o vento cruel, nin a arrogancia
de tiranos gordechos e ignorantes
sobre tribos humildes e selváticas
cubertos de ouro e peles de animalias.

Nin son nenos famentos, nin obreiros
os que andan a estragar, a desangrarnos,
a machucar as rosas e os ensoños,
a macular a gloria da alborada.

Non son horríbeis bocas de lamprea
os que nos van mirrando aldeas, saiba.
Nin son os mariñeiros os que manchan,
os que chuchan o sangue e toda a alma.

Sabemos de dragóns con moitas linguas,
con moitos barcos cheos de cobiza,
serpes con máis de sete testas malas,
parlantes monifates con gravata,

que ignoran sacrificios, que non saben
do doce ollar calado e solidario,
que venden todo o mundo ao negro inferno,
que esquilman cada día, sempre en ansia,
sen sombra é sen amor, pois nunca aman.
(sen sombra e sen amor, pois nunca aman)

Non é siroco, ningún vento negro
que xoga a ser a morte con gadaña.

Que non o saiba o vento namorado
que vai agarimando unha a unha as praias.

TI ES UN BARCO DE ENSOÑO

TI ES UN BARCO DE ENSOÑO

que vai deixando un ronsel
de ensoño nun mar de ensoños.

Eu arroaz no ronsel.

Eu arroaz á procura do peixe do teu lecer,
salseiro vivo, ardentía, brincos de auga a ferver.

Brincos de auga nos teus ollos escintilando en roibén.
Vas de barco cheo de música.

Eu de arroaz no ronsel.

Eu de arroaz á procura do brillo interior que tes
na auga profunda, na ría
de ensoño dos ollos teus.

AMOR, GRAN MANANCIAL

AMOR, GRAN MANANCIAL, fonte do mundo,
¿reinas por fóra, lonxe, vas nos ceos?
¿Vas altísimo enchendo en luz o escuro,
máis alá do petróleo e os incendios?

¿Xa sabes que nos van contaminando
o pan de cada día que comemos
por ácidos que choven, por fumazos,
por desamores cheos de venenos?

Veña a nós o teu sopro, purifícanos.
Veña a nós aire limpo do teu reino.
E varre valoroso o gran negocio,
o Mammón-Mercadeo, indigno templo.

AMOR, PURA ENERXÍA

AMOR, PURA ENERXÍA, gran potencia,
baixa a nós coa tenrura, coa clemencia.

É moi urxente: máis amor, clemencia.

¡Xustiza compasiva envía ao mundo!
¡Non nos deixes caer no mal reparto!
¡Mira os nenos tirados contra os muros
do egoísmo, na chuvia, ao pé do farto!

¡Mira o humillado polo rico, o que anda

cun ínfimo salario o mes enteiro,
cunha laxa no peito pola casa,
por dar abrigo e pan aos seus pequenos!

¡Mira a bárbara usura que nos manda
bomba, negror, pistola, metralleta
e fanfarria e medalla e neno escravo!

Escoita o gran clamor: AMOR, CLEMENCIA.

O clamor que resoa: **AMOR, CLEMENCIA**

CONTRA A INMUNDICIA

(Comezou a ser escrito (en xuño de 2001) nos días do levantamento da xente moza contra a policía de Berlusconi ante o Pazo Ducal, onde, amurallados contra o Clamor, estaban Bush e outros xefes dos países poderosos do mundo. Déuselle a derradeira revisión e remate nos días da “Burla Negra” do desastre do petroleiro Prestige nas nosas costas. De parte de moitos e, entre eles, de Francois Villon)

CONTRA A INMUNDICIA a pauliña toda.

Pauliña, maldición, e resalgario, arsénico,
sosa cáustica, chumbo, auga lesiva,
cal vivo, fume mouro de apestosa fábrica,
mexada de boi podre, xudre enfermo, fétido,
triporio cru de porco en diarrea, lepra,
sarna, carrachos, sangue contaxioso,
cuspe da vaca tola máis tiñosa,
vomitada, broullada, ouropemente, boura,
vívoras, cobras, sapos e pinchorras
para aquel que non ama e favorece a guerra,
quen non mira e dispara e non namora.

Para os seres con sangue de gasosa
que, en vez de liberdade, dan esmolas.

A eses finchados xefes co xendarme a golpes,
con servos vixiándolles as portas,
de avión en avión, de torre en torre,
pisando sobre alfombras e persoas.

Aos salóns deses mesmos dictadores
que maltratan o mundo e non se acoran,
insolidarios voitres, zamezugas, vermes
que nos polúen, chuchan e trastornan.

Gran bostada infernal para os hipócritas
con palabras sen luz e mentirosas,
que, ofuscados na usura, cos seus ouros,
fan destrución global esquilmadora.

Fondo inferno aos soberbios millonarios,
pero secos de entraña, que nos violan,
no gran pazo ducal amurallados,
sen amor, sen conciencia, sen memoria.

Aos grises rapineiros que tan só navegan
rutas de lucros, xuros, vendas, compras;
aos escasos de risas verdadeiras;
aos tesos, sen tenrura nas súas bocas.

Ao que se ve xigante sendo anano;
ao que pon alto muro á súa horta;
ao trencoleo do pirata chosco
que pensa que é tesouro o que atesoura.

Contra a inmundicia a pauliña toda.
Caia nos seus bandullos unha enchenta
do brillante, durísimo, visguento,
maldito chapapote con area e rochas.

EDITORIAL GALAXIA
VIGO 2004

POESÍA

Acendede as almenaras



Bernardino Graña

XERAIS



POESÍA

Bernardino Graña

Acendede as almenaras

Cántigas de amor, de amigo e de escarnio

XERAIS



Sonetonovela en sete tempos

1

Quero ser un poeta (pulo, oficio)
para afirmar que estou sen ti e sigo
pola beira de Cangas fronte a Vigo
lembrando a túa amizade e beneficio.

Quero ter rima e ritmo, e cor e vicio,
de morango maduro, de uva ou figo,
para expresar: aquí tes un amigo
aprendendo a querer, sempre propicio.

Quero dicirche: penso en ti e sen medo
farei un poema coma ti, caricia.

Farei un son de ti que a ti che reza.

Que che pide sedoso, undoso, ledado,
segue a ser coma seda, onda, ledicia.
Direi lucente e vivo: es luz, viveza.

2

Mandas en min e mandas que eu che faga
un soneto amoroso. É boa obriga,
e grande, coma ti, xa grande amiga,
e o lume teu en min xa non se apaga.

Fareiche entón uns versos coma fraga
vizosa, a un tempo culta e cha cantiga,
acorde coa amizade que nos liga,
envolvente palabra que te afaga.

Porque ti xa es un bosque, unha devesa,
un recuncho do mundo en meiguerías,
onde aniñan misterios, aves raras.

Es coma unha meniña, unha princesa.
Máis me alumas que o sol en claros días,
máis me pulas que a lúa en noites claras.

Gaiivotísima dona: Bernardino,
Graña Villar, poeta algo "sonado",
natural e veciño do salgado
porto cangués, por hoxe o seu destino,
no gris oficio do mediano ensino,
este chorón de Cangas, o "pesado"
devoto da muller, do teu engado,
teu xeito de mirar, teu cutis fino,
humildemente expón: que grande "cuíta"
o tortura ao non ter os teus favores,
o mergulla nun mar de sal do inferno.
Por tanto solicita: non demores
seres gaivota ilustre de visita,
e ha de darche o seu peixe: amor eterno.

Luisa Villalta

E líbranos, Señor, do que sen Ti
polo mundo inda flúe en desatino.

Da firmísima música calada,
do melódico vento, o rexo estralo,
a chuvia longa, longa, sonora,
badalada, campá, graduamento
de ondas polos mares coma follas,
acesas lanzas, prantos, violinos...
Xire todo en si mesmo, en branco xiro,
radical, profundísimo, gran río.

Fure e tenda unha vaga, enorme praia,
un radical rumor, total ruído.

Penetre, si, penetre feminina.
Humidosa, a fluír por todos nós.
Luísa está por nós en desatino.

O encoro de Castrelo de Miño

Se volves por Ventosela,
case non ves o Ribeiro.

Se volves por Ventosela,
atopas que andou o demo
facendo presas, matando
o que plantaron os vellos,
mandando a xente prás vilas,
ou a emigrar ao estranxeiro.

E din que agora o gran Miño
nos encoros dá diñeiro,
que aire puro e puros soños
non producen dividendos.

Escarnio-lavativa-rogativa da chuvia

A Suso Vaamonde, cantante

Que chova, que chova.
A chuvia todo anova.
Queremos nubarros feos
contra os feos rañaceos,
contra edificios moi tesos
nos que nos sentimos presos,
contra as cabezas testáns
que abusan cos alcatráns.

Queremos un diluvión
de pementos por Padrón.
Queremos unha enxurrada
de cabalos pola Estrada.
Queremos unha troneira
contra as mafias na Ribeira,
contra O novo rico odioso,
do seu bandullo orgulloso.

Que veñan as coriscadas
e leven as alcaldadas,
e perdan sono e sombreiros
construtores usureiros,
e que lle brote unha praga
ao eucalipto xunto á fraga,
e se lle anegue o garaxe
ao que rompe monte e laxe,
e se lle cale o motor
ao delegado traidor,
e se lle afogue o poleiro
ao tramposo concelleiro,
ao banqueiro e conselleiro
que pensan só no diñeiro
e ao que gasta tirantes
que enganou os seus votantes,
e revente gran pedrisco
na Facenda, contra o Fisco,
e escachicen as vidreiras
das celulosas peideiras,
e morran os negros lumes
e os fedorentos lixumes.

De leste, oeste, sur, norte,
chuvia e trens para Monforte.

Que chova, que chova,
que a xente faise loba.

Presentan lindas faces,
mais son lobos voraces.

Anda o vento a levar todo

Nos días do Prestige. In memoriam a Ezra Pound

Anda o vento a levar todo,
o vento que sempre bufa,
que di palabras estrañas,
que enfeitiza coma bruxa.

Anda aliado co mar,
o mar que espera coas furnas,
coa boca aberta, fatídico,
monstro terríbel de gula.

E -vento, mar- todos lobos
ouveando baixo a lúa,
e a lúa só é candil,
a poñernos máis penumbras.

E -vento, mar- todos tolos,
todos brincamos na furia
e todos nos esvaímos
rompéndonos en espuma.

Nun río de esquecemento,
a desfacernos en chuvia.
En vento a levalo todo.
En noite a traer negrura.

Negrura que mancha o fondo
do fondo da grande industria.

Negror das almas máis negras.
Negror de petróleo, usura.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA
VIGO (2008)

ÍNDICE

LIMIAR, Alexandre Ripoll, 3

POEMA DO HOME QUE QUIXO VIVIR

O vento díxome cousas, 7
Así o inverno enteiro, 7
Comigo escomeza o mundo, 7
Estou a estudiare amigos, 8
O vento vains lavando, 8

PROFECÍA DO MAR

MATERIA, 11
PARA A MORTE DE MARK TOBEY..., 11
ODA MARIÑA ÁS FORZAS DE PATIÑO E JACKSON POLLOK, 13
MAR, 15
O GATO DA TASCA MARIÑEIRA, 16
ODA AOS MARIÑEIROS DE CANGAS, 17
SEMPRE MAR, 18
NINGUÉN PODE, 19
LÁZARO MARIÑEIRO, 20
POEMA DE TÍO EMILIO, MARIÑEIRO DE CANGAS, 21
CANCIÓN PARA IR AO MAR DE PESCA, 22
APOCALIPSE, 23
FINAL, 24

NON VEXO VIGO NIN CANGAS

CIDADÁN 27,
RESPETE OS SINAIS, 27
ÁRBORE, 28
SE MORRO, 28
SON UN TREN, 29
ODA ÁS VACAS, 30
MEDRE O MAR, 31
ELEXÍA A FAUSTINO REY ROMERO, 31
VIETNAM, 32
ODA ÁS MULLERES DE GALICIA, 33
NON, 34
CASE ORACIÓN, 34
NON VEXO VIGO NIN CANGAS, 35
CARTA A TÍO EMILIO E AOS SEUS COMPAÑEIROS..., 35

SE O NOSO AMOR E OS PEIXES

Pra sempre sen auga pozo nun deserto, 39
Foi o teu paso o raudo voo de ave, 39
E deixarasme agora no chan mudo, 39
Contra o torpor e o mal teño mil dedos, 40
Recorda o mar amigo que a ti ven amada, 40
¿Cómo hei vivir mañá sen a luz túa? 41
Quedei no bar en seco como un peixe, 42
En Padrón os alumnos no Instituto, 42
Amor ti mais eu os dous, 43
Algún día por te ver, 44
Miña ventura, 44
SOBRE UNHA NOITE -16 NOV77- AO PÉ DO SAR..., 45
PRÓ PINTOR POETA ALFONSO GALLEGO, 45
ODA AOS HOMES DA MIÑA TERRA, 46
ODA ÁS SEMPRE MOZAS MARÍAS..., 47
DESCORDO AOS NOSOS POETAS, 49
ESCARNIO CONTRA ASÉPTICOS..., 51
ESARNIO CONTRA OS QUE NOS MANCHAN, 52
LETANÍA PARA NOS LIBRAR DOS QUE A NINGUÉN AMAN, 54
IREI A DARBO, 55

SIMA-CIMA DO VOAR DO TOLO

OH BANDEIRA DE ONDAS QUE TE ENRUGAS HOXE, 59

VOUME POÑER COMO UN MASCATO ERGUEITO, 60

OH BANDEIRA DE ONDAS COMO ONDEAS HOXE, 62

HIMNO VERDE

A ROSA NACE ILUSIONADA, 67

DIXITALIS-ROSAS NOS CAMIÑOS, 67

PESTANAS-ESPADANAS, 67

CABELO-ARBOREDA, 68

LABIOS-UVAS, 69

SOÑO VENTO, 69

AMADA-TECEDEIRA, 70

A ROSA MORRE CALADA, 70

Dentro na árbore, 71

¡Que gaiola!, 71

ANTE JOHN LENNON, MÚSICO-POETA..., 72

ANTE INCENDIOS E ALDEAS CAÍDAS, 74

PARA BEBER AUGA E VIÑO E ESTARMOS XUNTOS, 75

CONTRA BARULLOS, 75

BRINDE DA FRAGA AMIGA, 76

LUZ DE NOVEMBRO

LUZ DE NOVEMBRO (NA MORTE DO XENERAL FRANCO), 79

A ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS NA SÚA TERRA..., 81

NA MORTE DE XOSÉ ALEXANDRE CRIBEIRO, 84

HOMENAXE A LAXEIRO, 85

ANTE FIZ VEGARA VILARIÑO, 86

A MANUEL MARÍA E SALETA NESTE DÍA, 86

Ó POETA MÉNDEZ FERRÍN IRMÁN DE SOÑOS CELTAS, 88

SEN SOMBRA E SEN AMOR

En contra a desventura reclamamos, 91

Que non saiba o vento namorado, 92

Ti es un barco de ensoño, 93

Amor, gran manancial, 93

Amor, pura enerxía, 94

Contra a inmundicia, 95

ACENDEDE AS ALMENARAS

AMOR

Sonetonovela en sete tempos:

1 Quero ser un poeta (pulo, oficio), 99

2 Mandas en min e mandas que eu che faga, 99

5 Gaivotísima dona: Bernardino, 100

AMIGO

Luísa Villalta, 100

ESCARNIO

O encoro de Castrelo de Miño, 101

Escarnio-lavativa-rogativa da chuvia, 101

Anda o vento a levar todo, 103